

**XUNTA DE GOBERNO**  
**Sesión do día 29 de novembro de 2024**

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e cinco minutos do día vinte e nove de novembro do ano dous mil vinte e catro, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Rafael Domínguez Artime, Roberto José Álvarez Carrero, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, Belén Cachafeiro Anta, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Non asiste a deputada *Luisa María Sánchez Méndez*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes as deputadas *María Sandra Bastos Míguez* e *María Isabel Conselo Torres* e os deputados *Marcos Guisasola Padín* e *Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.34416.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 22 de novembro de 2024.

2.34417.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA “REPARACIÓN DO MURO DE CONTENCIÓN PERIMETRAL E O TALUDE NO CAMPO MUNICIPAL DE FÚTBOL SÁRDOMA-MOLEDO” (Expte.2024072350)

- No exercicio das súas atribucións, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo desexan establecer as pautas de colaboración para levar a cabo a execución da obra “*Reparación do muro de contención perimetral e o talude no campo municipal de fútbol Sárdoma-Moledo*”.
- Para dar cumprimento ó obxectivo referido no parágrafo anterior, nas datas 08/11/2024 e 11/11/2024 o Concello de Vigo remite a Deputación (núm. de rexistro 2024020597 e núm. 2024020730, respectivamente) a documentación necesaria para a formalización dun convenio de colaboración entre ambas administracións.



- A estimación económica da totalidade do investimento ascende á cantidade de oitocentos dezanove mil seiscientos oitenta e un euros con catro céntimos (819.681,04 €), e propónse que a achega da Deputación sexa de 650.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 2024/942.9420.762.14, e que a achega do Concello de Vigo sexa de 169.681,04 €, con cargo á anualidade 2025 do orzamento municipal. O orzamento da actuación detallase na seguinte táboa:

Orzamento base de licitación con IVE do proxecto	718.681,04 €
Estimación de custos asociados á condición establecida no artigo 242.4 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público	71.000,00 €
Estimación de custos asociados á obra: Dirección das obras e coordinación de seguridade e saúde, en total en torno do + - 4% do PEM do proxecto	30.000,00 €
TOTAL	819.681,04 €

- Revisada polo Servizo de Cooperación, a documentación achegada cumpre os requisitos esixidos pola normativa aplicable para a sinatura do convenio. Na documentación do expediente, no xestor de CIVIDAS, consta a providencia de inicio de expediente de 12/11/2024 (CSV: U52ZRLU03L2S236F); o informe de supervisión do proxecto técnico emitido por persoal técnico do Servizo de Cooperación de 12//11/2024 (CSV: 1YYG4LC31W6SZ1UJ); o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 12/11/2024 (CSV: HANDWTZSDKWC2Q1W) e o informe de Intervención de fiscalización favorable do expediente de 15/11/2024 (CSV: PWRDDVQU'TJUFPLM).
- En data 22/11/2024 sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Cooperación Transfronteiriça e de Coordinación das Emerxencias Provinciais levar a cabo a execución da obra “Reparación do muro de contención perimetral e o talude no campo municipal de fútbol Sárdoma-Moledo”.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Lexislación aplicable

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).



- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral)

#### Consideracións Xurídicas:

##### Competencia:

- Artigo 25.2.l) da LRBRL, atribúe ás Administracións municipais competencia sobre a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre. En concordancia co anterior, a LALGA, ao regular as competencias propias dos concellos, establece no seu art. 80.2.n) que exercerán, entre outras, competencias en materia de instalacións culturais e deportivas.
- Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica ós concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ó conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo ós seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.

##### Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para o vixente exercicio, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

##### Procedencia do convenio:

- Artigo 47 e seguintes da LRXSP, que dispón que o convenios de colaboración constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.



- Artigo 57 da LRBRL que dispón que a cooperación en servizos locais desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante convenios administrativos, en conexión co artigo 195.h) da LALGA.
- Artigo 198 da LALGA, que establece que as entidades locais poderán celebrar convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia. No seu apartado 2º dispónse que a través dos convenios de cooperación as partes poderán coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector e distribuír as subvencións outorgadas por unha delas. No apartado 3º sinalase que, en especial, as Deputacións Provinciais poderán subscribir, cos municipios da provincia, convenios para garantir o acceso da poboación ó conxunto dos servizos municipais.
- Artigos 199 da LALGA, que en consonancia co artigo 49 da LRXSP sinala as especificacións que deberán conter os instrumentos de formalización dos convenios.
- Artigo 6 da LCSP, que exclúe do seu ámbito de aplicación os convenios de colaboración que celebre a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras e servizos locais, organismos autónomos e restantes entidades públicas, ou os que subscriban estes organismos e entidades entre si, salvo que, pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos a dita lei.
- Artigo 2 da LXS, polo que a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención. O artigo 22.2 da LXS sinala que se poderán conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das Entidades Locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións. Neste senso, a Deputación, para o desenvolvemento das actuacións que se describen no convenio, ten consignado expresamente no estado de gastos do orzamento provincial do exercicio 2024, dotación orzamentaria na aplicación 2024/942.9420.762.14 e designado como beneficiario ó concello.
- Artigo 28.1 da LXS que establece que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei.

## CONCLUSIÓN

En base ás precedentes consideracións e ó interese público que representa esta actuación para a cidade de Vigo, da veciñanza e resto de potenciais visitantes da cidade, o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra conveñen a súa colaboración neste ámbito co obxecto de desenvolver un réxime de colaboración entre ambas administracións locais para levar a cabo a execución da obra “*Reparación do muro de contención perimetral e o talude no campo municipal de fútbol Sárdoma-Moledo*”.

Neste senso os convenios de colaboración constitúen o instrumento idóneo para canalizar esta colaboración.

O Concello de Vigo presentou a documentación necesaria para formalizar este convenio e quedan acreditadas no expediente as razóns de oportunidade, a valoración económica das actuacións a desenvolver e o propio obxecto do convenio.



Por todo o exposto e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, informo favorablemente a tramitación do “*Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo a execución da obra «Reparación do muro de contención perimetral e o talude no campo municipal de fútbol Sárdoma-Moledo»*”.

#### RÉXIME COMPETENCIAL:

De conformidade co disposto no artigo 10.4 da LXS, que sinala que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle ós órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local, en virtude do establecido nos artigos 34 e 35 da LRBRL e na base 16ª.2 de Execución do Orzamento provincial, compéttelle á Xunta de Goberno a autorización e disposición do gasto, e aprobación do convenio.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o “*Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo a execución da obra «Reparación do muro de contención perimetral e o talude no campo municipal de fútbol Sárdoma-Moledo»*”.

O texto do convenio figura co CSV: HYT3UV3K933P6S2E.

A sinatura do convenio queda condicionada á aprobación do texto do convenio polo órgano competente do Concello de Vigo.

- Facultar ao presidente para formalizar o citado convenio mediante a súa sinatura.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Vigo*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia e ao Gabinete de Prensa.

3.34418.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA “PROXECTO MACROPARQUE DE XOGOS EN FINCA MATÍAS” (EXPTE.2024072352)

#### ANTECEDENTES

- No exercicio das súas atribucións, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo desexan establecer as pautas de colaboración para levar a cabo a execución da obra “*Proxecto macroparque de xogos en finca Matías*”.
- Para dar cumprimento ó obxectivo referido no parágrafo anterior, nas datas 08/11/2024, 12/11/2024 e 14/11/2024 o Concello de Vigo remite a Deputación (número de rexistro 2024020592; 2024020786 e 2024020977, respectivamente) a documentación necesaria para a formalización dun convenio de colaboración entre ambas administracións.



- A estimación económica da totalidade do investimento ascende á cantidade de tres millóns douscentos corenta e oito mil setecentos corenta e tres euros con noventa e oito céntimos (3.248.743,98 €), e propónse que a achega da Deputación sexa de 2.580.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 2024/942.9420.762.14, e que a achega do Concello de Vigo sexa de 668.743,98 €, con cargo á anualidade 2025 do orzamento municipal.

O orzamento da actuación detallase na seguinte táboa:

Orzamento base de licitación con IVE do proxecto	2.849.743,98 €
Estimación de custos asociados á condición establecida no artigo 242.4 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público	284.000,00 €
Estimación de custos asociados á obra: Dirección das obras e coordinación de seguridade e saúde, en total en torno do + - 6% do PEM do proxecto	115.000,00 €
TOTAL	3.248.743,98 €

- Revisada polo Servizo de Cooperación, a documentación achegada cumpre os requisitos esixidos pola normativa aplicable para a sinatura do convenio. Na documentación do expediente, no xestor de CIVIDAS, consta a providencia de inicio de expediente de 14/11/2024 (CSV: QW42QVPEREO7266D); o informe de supervisión do proxecto técnico emitido por persoal técnico do Servizo de Cooperación de 14/11/2024 (CSV: A2NDEDIG2LN016SR); o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 14/11/2024 (CSV: 9G34CJFFR9FRBX44) e o informe de Intervención de fiscalización favorable do expediente de 15/11/2024 (CSV: NKMITKHLD9Z7O1Q0).
- En data 22/11/2024 sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Cooperación Transfronteiriça e de Coordinación das Emerxencias Provinciais levar a cabo a execución da obra “*Proxecto macroparque de xogos en finca Matías*”.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Lexislación aplicable

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).



- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).

#### Consideracións Xurídicas:

##### Competencia:

- Artigo 25.2.b) da LRBRL, atribúe ás Administracións municipais competencia sobre os parques e xardíns públicos. En concordancia co anterior, a LALGA, ao regular as competencias propias dos concellos, establece no seu art. 80.2.d) que exercerán, entre outras, competencias en materia de parques e xardíns.
- Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica ós concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ó conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo ós seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.

##### Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para o vixente exercicio, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

##### Procedencia do convenio:

- Artigo 47 e seguintes da LRXSP, que dispón que o convenios de colaboración constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.



- Artigo 57 da LRBRL que dispón que a cooperación en servizos locais desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante convenios administrativos, en conexión co artigo 195.h) da LALGA.
- Artigo 198 da LALGA, que establece que as entidades locais poderán celebrar convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia. No seu apartado 2º dispónse que a través dos convenios de cooperación as partes poderán coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector e distribuír as subvencións outorgadas por unha delas. No apartado 3º sinalase que, en especial, as Deputacións Provinciais poderán subscribir, cos municipios da provincia, convenios para garantir o acceso da poboación ó conxunto dos servizos municipais.
- Artigos 199 da LALGA, que en consonancia co artigo 49 da LRXSP sinala as especificacións que deberán conter os instrumentos de formalización dos convenios.
- Artigo 6 da LCSP, que exclúe do seu ámbito de aplicación os convenios de colaboración que celebre a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras e servizos locais, organismos autónomos e restantes entidades públicas, ou os que subscriban estes organismos e entidades entre si, salvo que, pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos a dita lei.
- Artigo 2 da LXS, polo que a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención. O artigo 22.2 da LXS sinala que se poderán conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das Entidades Locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións. Neste senso, a Deputación, para o desenvolvemento das actuacións que se describen no convenio, ten consignado expresamente no estado de gastos do orzamento provincial do exercicio 2024, dotación orzamentaria na aplicación 2024/942.9420.762.14 e designado como beneficiario ó concello.
- Artigo 28.1 da LXS que establece que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei.

## CONCLUSIÓN

En base ás precedentes consideracións e ó interese público que representa esta actuación para a cidade de Vigo, da veciñanza e resto de potenciais visitantes da cidade, o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra conveñen a súa colaboración neste ámbito co obxecto de desenvolver un réxime de colaboración entre ambas administracións locais para levar a cabo a execución da obra “*Proxecto macroparque de xogos en finca Matías*”.

Neste senso os convenios de colaboración constitúen o instrumento idóneo para canalizar esta colaboración.

O Concello de Vigo presentou a documentación necesaria para formalizar este convenio e quedan acreditadas no expediente as razóns de oportunidade, a valoración económica das actuacións a desenvolver e o propio obxecto do convenio.





Por todo o exposto e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación do “*Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo a execución da obra «Proxecto macroparque de xogos en finca Matías»*”.

#### RÉXIME COMPETENCIAL:

De conformidade co disposto no artigo 10.4 da LXS, que sinala que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle ós órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local, en virtude do establecido nos artigos 34 e 35 da LRBRL e na base 16<sup>a</sup>.2 de Execución do Orzamento provincial, compételle á Xunta de Goberno a autorización e disposición do gasto, e aprobación do convenio.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o “*Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo a execución da obra «Proxecto macroparque de xogos en finca Matías»*”.

O texto do convenio figura co CSV: 9ZX5K1CGSPOUX6TB.

A sinatura do convenio queda condicionada á aprobación do texto do convenio polo órgano competente do Concello de Vigo.

- Facultar ao presidente para formalizar o citado convenio mediante a súa sinatura.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Vigo*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia e ao Gabinete de Prensa.

4.34419.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS PARA O INVESTIMENTO INCLUÍDO NO II PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN CAMPO DE FÚTBOL PENEDO REDONDO” (EXPT. 2024073271)

#### ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión extraordinaria do 18/10/2024, mediante o acordo núm. 3.8273 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (II PEID), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 206, do 22/10/2024.



- O financiamento deste plan ascende a oito millóns (8.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2024/942.3420.762.95.
- As subvencións outorgáranse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2023).
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2024008497 de data 04/11/2024 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de Salceda de Caselas o importe que lle corresponde é de 134.289,85€.  
A aprobación do repartimento queda condicionada á aprobación definitiva do expte. de modificación do orzamento 4/2004 (expte. de suplemento de créditos “SUP. 04/24”) (expte. 2024066943).
- En data 14/11/2024, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2024070578) dunha petición do Concello de Salceda de Caselas, emendada nas datas 14/11/2024 e 18/11/2024 (núm. rexistro REX\_2024020991 e WEB2024070719 e WEB2024071336), na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 134.289,85€, con destino ao financiamento do investimento denominado “Proxecto básico e de execución campo de fútbol Penedo Redondo”, cun orzamento de 241.747,52 € (193.331,34€ de execución de obra ascendendo o IVE a 40.599,58€, e os honorarios do (DO+CSS) a 7.816,60€ IVE incluído.) € e unha achega do concello de 107.457,67 €.  
O Concello ten previsto cubrir a súa achega municipal de 107.457,67 € solicitando unha axuda a Deputación dentro do Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal (PLAN MÁIS PROVINCIA 2025).
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do II PEID.
- As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 18/11/2024 (CSV: 6URUCYG68AQ8JH2O).
- Así mesmo, o 19/11/2024 a xefa do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención (CSV: 13OI59T5UTU5EJ8A) e a Intervención provincial emite informe favorable o 22/11/2024 (CSV: NZGFUF41E289EHRO).

## FUNDAMENTOS DE DEREITO RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)



- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (II PEID)

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do II PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

## PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do II PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

## RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.



- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do II PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do II PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do II PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

### RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

### CONCLUSIÓNS

A solicitude do Concello de Salceda de Caselas relativa ao financiamento do investimento denominado “*Proxecto básico e de execución campo de fútbol Penedo Redondo*” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do II PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 134.289,85 €.

O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Salceda de Caselas*, CIF P3604900E, a cantidade de 134.289,85€ con destino ao financiamento do investimento “*Proxecto básico e de execución campo de fútbol Penedo Redondo*” ao abeiro do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento de 241.747,52 € (193.331,34€ de execución de obra ascendendo o IVE a 40.599,58€, e os honorarios do (DO+CSS) a 7.816,60€ IVE incluído).

O financiamento complétase cunha achega municipal de 107.457,67 €.

A concesión da presente subvención queda condicionada á obtención da autorización sectorial de Medio Rural precisa para a realización do investimento, consta no expediente a solicitude de dita autorización, pero é imprescindible que achegue a devandita documentación xunto coa primeira xustificación da axuda económica.



A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PEID (BOPPO núm. 206, de 22/10/2024) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.3420.762.95 do vixente orzamento provincial. no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Salceda de Caselas*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

5.34420.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONS COMO CONSECUENCIA DAS RENUNCIAS FORMULADAS POR ENTIDADES BENEFICIARIAS DE AXUDAS Ó ABEIRO DO PROGRAMA DE AXUDAS A COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA. PROGRAMA +AQUA 2024. (Expte. 2023072350)

No exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio e vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación de data 21/11/2024 con código seguro de verificación: 1COOHXUDA2XDC255 o informe da intervención provincial de data 22/11/2024 con CSV: 16LEARDZW2VAX8EK e os acordos da Xunta de Goberno de data 22 de outubro de 2024, números 14.34396, 15.34397 e 17.34399 de aceptación das renuncias á concesión de subvención ao abeiro da convocatoria do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Programa +AQUA\_2024), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Concederlle á “*comunidade de usuarios de Arcos*” (G36145746) do concello de Pontearreas, a cantidade de 3.126,27 € que completarían os 6.818,73 € que se lle concederon mediante o acordo número 2.34348 na Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 8 de novembro de 2024 dun total de 9.945,00 € solicitados, ao esgotarse a totalidade do crédito do Programa +AQUA\_2024.
2. Concederlle á “*comunidade de augas uso doméstico de Soutelo*” (G36418812) do concello de Pontearreas, a cantidade de 8.772,50 euros ao abeiro do “*Programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Programa +AQUA\_2024)*”.
3. Concederlle á “*comunidade de usuarios de augas de Barcia*” (G16840639) do concello de Arbo, a cantidade de 7.695,60 euros ao abeiro do “*Programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Programa +AQUA\_2024)*”.



4. Concederlle á “*comunidade de usuarios de Pintelos*” (G36283125) do concello de A Cañiza, a cantidade de 9.249,24 euros ao abeiro do “*Programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Programa +AQUA\_2024)*”.
5. Concederlle á “*comunidade de usuarios de A Feira*” (G36419984) do concello de Ponte Caldelas, a cantidade de 1.156,39 euros dun total de 10.000,00 euros solicitados por esgotarse a totalidade do crédito dispoñible do programa ao abeiro do “*Programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Programa +AQUA\_2024)*”.

A concesión da subvención á “*comunidade de usuarios de A Feira*” (G36419984) debe quedar condicionada á presentación por parte da mesma do compromiso dunha nova achega con fondos propios para financiar a actuación, ao propoñerse unha subvención de 1.156,39 euros dun total de 10.000,00 euros solicitados pola comunidade ao esgotarse co seu proxecto a totalidade do crédito dispoñible do Programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Programa +AQUA\_2024).

A concesión de subvención ás comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra beneficiarias queda condicionada á obtención das correspondentes autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución dos investimentos ao abeiro do establecido nas Bases reguladoras. Os proxectos de novación quedarán condicionados á presentación dos mesmos para a correcta xustificación.

Así mesmo, as presentes subvencións concédense con suxeición ás seguintes condicións:

- a) As subvencións concédense para colaborar na execución das devanditas actuacións, non podendo variarse o destino ou finalidade da subvención.
- b) As comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra beneficiarias deberán posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución dos investimentos ao abeiro do establecido nas Bases reguladoras. Os proxectos de novación quedarán condicionados á presentación dos mesmos para a correcta xustificación.
- c) As comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra beneficiarias deberán ter executados os investimentos na súa totalidade e xustificados no prazo máximo de seis meses (6), quedando establecida esta data máxima dende a data de concesión da axuda. Quedando excluída calquera outra ampliación de prazos. O incumprimento destas obrigas dará lugar ao inicio do expediente de perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención.
- d) A execución e xustificación destes investimentos correspóndelle ás comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra beneficiarias, e realizarase conforme ao previsto nas Bases reguladoras e a lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- e) Para o aboamento da subvención concedida, requirirase a presentación da documentación xustificativa prevista nas Bases, e previa comprobación por parte dos servizos técnicos provinciais, Cooperación e Intervención, de que se realizou o gasto para o fin e polo importe subvencionado e, ademais, de que se cumpriu coa finalidade e o obxecto da subvención. A non xustificación ou a xustificación fóra de prazo dará lugar ao inicio do expediente de perda, total ou parcial, do dereito ao cobro da subvención correspondente.
6. Autorizar e comprometer o gasto por importe de 30.000,00 euros, imputable ás aplicacións orzamentarias 2024/942.4590.489.07, para gastos correntes, e 2024/942.4590.789.07, para gastos de investimentos reais.
7. Darlle traslado do presente acordo aos interesados, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

6.34421.- APROBACIÓN DO MODELO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS PARTICIPANTES E A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO O “PROXECTO +RUEIRO, DE TRANSFORMACIÓN DIXITAL E MODERNIZACIÓN PARA LEVAR A CABO O CENSO DE VIVENDAS DOS MUNICIPIOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA”. (Expte.2024003607)

#### ANTECEDENTES

- No artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúenselles ás deputacións competencias no fomento do desenvolvemento económico e social e na defensa dos intereses peculiares da provincia.
- O ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática publicou o 18 de novembro de 2023 (BOE núm. 276) a Orde TER/1235/2023, de 15 de novembro, pola que se aproban as bases reguladoras e se efectúa a convocatoria correspondente a 2023 de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización dos sistemas de xestión do padrón municipal nas entidades locais, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR).
- Así mesmo, o devandito Ministerio emite unha nota sobre o proceso de adhesión de entidades da Orde TER/1235/2023, na que se indica que, á parte dos municipios de poboación inferior a 20.000 habitantes, “as deputacións provinciais de réxime común e de réxime foral, os cabidos, os consellos insulares, así como as comunidades autónomas uniprovinciais deberán informar da posibilidade de adhesión os municipios definidos na disposición adicional 4 da Orde TER/1235/2023, de 15 de novembro, e remitirles un modelo de solicitude de adhesión”.



- Neste marco de colaboración, o 30 de xaneiro de 2024 (CSV: MP3ZWJJAZVAHBIRG) desde a Deputación de Pontevedra informóuselles a todos os municipios da provincia de Pontevedra da intención da institución provincial de presentar un proxecto estratéxico ao abeiro da Orde TER/1235/2023.
- Como resposta á comunicación realizada pola institución provincial, recibíronse, a través Sede electrónica, 59 solicitudes de adhesión:

SOLICITUDES DE ADHESIÓN DOS CONCELLOS	
CONCELLO	NÚMERO DE REXISTRO
ARBO	WEB2024006789
BARRO	WEB2024006967
BAIONA	WEB2024006086
BUEU	WEB2024007486
CALDAS DE REIS	WEB2024007612
CAMBADOS	WEB2024007494
CAMPO LAMEIRO	WEB2024007808
CANGAS	WEB2024006779
CAÑIZA, A	WEB2024006380
CATOIRA	WEB2024007618
COVELO	WEB2024006389
CRECENTE	WEB2024006820
CUNTIS	WEB2024007826
DOZÓN	WEB2024008346
ESTRADA, A	WEB2024007286
FORCAREI	WEB2024010241
FORNELOS DE MONTES	2024001910
AGOLADA	WEB2024008383
GONDOMAR	WEB2024007541
GROVE, O	WEB2024009114
GUARDA, A	WEB2024007268
LALÍN	WEB2024007983





LAMA, A	WEB2024006797
MARÍN	WEB2024010424
MEAÑO	WEB2024009153
MEIS	WEB2024006808
MOAÑA	WEB2024006838
MONDARIZ	WEB2024007926
MONDARIZ- BALNEARIO	WEB2024005999
MORAÑA	WEB2024005387
MOS	WEB2024006652
NEVES, AS	WEB2024007146
NIGRÁN	WEB2024007636
OIA	WEB2024007934
PAZOS DE BORBÉN	WEB2024005914
PORRIÑO, O	WEB2024007607
PORTAS	WEB2024008622
POIO	WEB2024007581
PONTEAREAS	WEB2024007299
PONTE CALDELAS	WEB2024006001
PONTECESURES	WEB2024007521
REDONDELA	WEB2024007634
RIBADUMIA	WEB2024009917
RODEIRO	WEB2024006800
ROSAL, O	WEB2024007668
SALCEDA DE CASELAS	WEB2024007898
SALVATERRA DE MIÑO	WEB2024007474
SANXENXO	WEB2024007924
SILLEDA	WEB2024006510
SOUTOMAIOR	WEB2024007644
TOMIÑO	WEB2024007695
TUI	WEB2024007253
VALGA	WEB2024007933
VILABOA	WEB2024006404



VILA DE CRUCES	WEB2024006798
VILAGARCÍA DE AROUSA	WEB2024006894
VILANOVA DE AROUSA	WEB2024006408
ILLA DE AROUSA, A	WEB2024005910
CERDEDO-COTOBADÉ	WEB2024007153

- Segundo se indica nas bases recollidas na Orde TER/1235/2023, no artigo 9.3. Orzamento, financiamento e criterios de repartición, xa se consignou o importe ao que se refire esta convocatoria e se determinou a atribución a cada entidade beneficiaria en función do número de habitantes, ademais de establecerse un importe máximo por entidade. No anexo VIII recóllese a contía máxima da axuda que corresponde a cada entidade. No caso da Deputación de Pontevedra, o importe máximo ascende a 1.500.000 €

PROXECTO	CUSTO TOTAL DO PROXECTO (IVE incluído)	CUSTO SUBVENCIONABLE
“+RUEIRO”	1.500.000,00 €	1.500.000,00 €

- O obxecto do proxecto consiste na transformación dixital e na modernización do padrón municipal dos concellos para levar a cabo un censo de vivendas mediante a posta en marcha dun novo sistema de xestión da información sobre o territorio dos municipios da provincia.
- O proxecto consiste na posta en marcha dun novo sistema de xestión da información sobre o territorio de ámbito municipal. Cada municipio do ámbito territorial da entidade beneficiaria deberá contar cunha base de datos de vivendas, unificada a nivel nacional, na que se identificará cada vivenda mediante un identificador baseado na referencia catastral no territorio fiscal común do ben inmovible no que estea situado o fogar.
- Este proxecto permitirá a creación dunha plataforma de numeración dixital de vivendas de maneira que os concellos poidan xestionar o seu mapa e mantelo actualizado de forma sincrónica.



- Con data de 5/03/2024, mediante resolución presidencial número 2024001836, a Deputación aprobou a presentación da solicitude de axudas dentro do proxecto denominado “+Rueiro”, ao abeiro da Orde TER/1235/2023, de 15 de novembro, pola que se aproban as bases reguladoras e se efectúa a convocatoria correspondente a 2023 de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización dos sistemas de xestión do padrón municipal nas entidades locais, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR). Tras a súa avaliación, con data de 3/10/2024 e con rexistro de entrada 2024048566, recíbese a resolución do director xeral de Cooperación Autonómica e Local, na que se concede, en virtude do anexo VIII da Orde TER/1235/2023, de 15 de novembro, a axuda á Deputación de Pontevedra para o proxecto “+Rueiro” por un importe máximo de 1.500.000,00 euros.
- O cadro financeiro das actuacións reflíctese a continuación:

ACTUACIÓNS	ORZAMENTO (IVE non engadido)	IVE	ORZAMENTO (IVE engadido)
A_0 Adquisición de equipos informáticos e licenzas	41.322,31 €	8.677,69 €	50.000,00 €
A_1 Diagnose	53.719,01 €	11.280,99 €	65.000,00 €
A_2 Estudo das fontes de información	61.983,47 €	13.016,53 €	75.000,00 €
A_3 Definición do modelo de datos	82.644,63 €	17.355,37 €	100.000,00 €
A_4 Redacción de plans e protocolos	61.983,47 €	13.016,53 €	75.000,00 €
A_5 Preparación das ferramentas informáticas	66.115,70 €	13.884,30 €	80.000,00 €
A_6 Traballo en gabinete	714.876,03 €	150.123,97 €	865.000,00 €
A_7 Implantación plataforma	95.041,32 €	19.958,68 €	115.000,00 €
A_8 Preparación de entregables e remisión ao INE	41.322,31 €	8.677,69 €	50.000,00 €
A_9 Xustificación	20.661,16 €	4.338,84 €	25.000,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>1.239.669,42 €</b>	<b>260.330,58 €</b>	<b>1.500.000,00 €</b>



- Unha vez concedida a axuda e aceptada, está previsto que tanto a execución coma a contratación a realice a Deputación, no exercicio 2024 a 2025, polo que é necesario dotala de crédito nos orzamentos dos devanditos exercicios, de acordo no cronograma que se aprobe, atendendo ao seguinte cadro de financiamento:

“+RUEIRO” (PROXECTO DE TRANSFORMACIÓN DIXITAL E MODERNIZACIÓN PARA LEVAR A CABO O CENSO DE VIVENDAS DOS MUNICIPIOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA), AO ABEIRO DA ORDE TER/1235/2023, DE 15 DE NOVEMBRO					
Núm. de municipios	Código de municipio	Concello	Poboación	Porcentaxe de poboación	Axuda
59	36031	MONDARIZ-BALNEARIO	680	0,12 %	1.796,37 €
	36016	DOZÓN	1.028	0,18 %	2.715,68 €
	36019	FORNELOS DE MONTES	1.621	0,29 %	4.282,22 €
	36007	CAMPO LAMEIRO	1.721	0,30 %	4.546,39 €
	36014	CRECENTE	1.937	0,34 %	5.117,00 €
	36020	AGOLADA	2.252	0,40 %	5.949,14 €
	36047	RODEIRO	2.317	0,41 %	6.120,85 €
	36013	COVELO	2.480	0,44 %	6.551,45 €
	36025	A LAMA	2.499	0,44 %	6.601,65 €
	36001	ARBO	2.622	0,46 %	6.926,58 €
	36040	PORTAS	2.851	0,50 %	7.531,53 €
	36037	PAZOS DE BORBÉN	2.998	0,53 %	7.919,86 €
	36044	PONTECESURES	3.079	0,54 %	8.133,84 €
	36036	OIA	3.080	0,54 %	8.136,48 €
	36018	FORCAREI	3.194	0,56 %	8.437,64 €
	36010	CATOIRA	3.295	0,58 %	8.704,45 €
	36002	BARRO	3.637	0,64 %	9.607,92 €
	36034	AS NEVES	3.746	0,66 %	9.895,86 €
	36032	MORAÑA	4.133	0,73 %	10.918,21 €
	36030	MONDARIZ	4.448	0,78 %	11.750,35 €
36015	CUNTIS	4.592	0,81 %	12.130,75 €	
36028	MEIS	4.735	0,83 %	12.508,52 €	



36901	A ILLA DE AROUSA	4.878	0,86 %	12.886,28 €
36059	VILA DE CRUCES	5.063	0,89 %	13.375,00 €
36009	A CAÑIZA	5.115	0,90 %	13.512,37 €
36046	RIBADUMIA	5.193	0,91 %	13.718,42 €
36027	MEAÑO	5.292	0,93 %	13.979,95 €
36043	PONTE CALDELAS	5.575	0,98 %	14.727,56 €
36902	CERDEDO-COTOBADE	5.697	1,00 %	15.049,85 €
36056	VALGA	5.752	1,01 %	15.195,14 €
36058	VILABOA	6.004	1,06 %	15.860,86 €
36048	O ROSAL	6.450	1,14 %	17.039,06 €
36053	SOUTOMAIOR	7.543	1,33 %	19.926,45 €
36052	SILLEDA	8.860	1,56 %	23.405,59 €
36049	SALCEDA DE CASELAS	9.380	1,65 %	24.779,28 €
36005	CALDAS DE REIS	9.678	1,70 %	25.566,52 €
36023	A GUARDA	10.013	1,76 %	26.451,49 €
36050	SALVATERRA DE MIÑO	10.079	1,78 %	26.625,84 €
36061	VILANOVA DE AROUSA	10.240	1,80 %	27.051,16 €
36022	O GROVE	10.809	1,90 %	28.554,30 €
36004	BUEU	11.978	2,11 %	31.642,46 €
36003	BAIONA	12.349	2,17 %	32.622,54 €
36006	CAMBADOS	13.671	2,41 %	36.114,88 €
36054	TOMIÑO	13.779	2,43 %	36.400,19 €
36021	GONDOMAR	14.970	2,64 %	39.546,47 €
36033	MOS	15.199	2,68 %	40.151,42 €
36041	POIO	17.276	3,04 %	45.638,26 €
36055	TUI	17.375	3,06 %	45.899,79 €
36051	SANXENXO	17.760	3,13 %	46.916,85 €
36035	NIGRÁN	18.054	3,18 %	47.693,52 €
36029	MOAÑA	19.474	3,43 %	51.444,75 €
36017	A ESTRADA	20.106	3,54 %	53.114,32 €



	36024	LALÍN	20.201	3,56 %	53.365,28 €
	36039	O PORRIÑO	20.408	3,59 %	53.912,12 €
	36042	PONTEAREAS	23.049	4,06 %	60.888,88 €
	36026	MARÍN	24.034	4,23 %	63.490,97 €
	36008	CANGAS	26.832	4,73 %	70.882,49 €
	36045	REDONDELA	29.055	5,12 %	76.755,02 €
	36060	VILAGARCÍA DE AROUSA	37.677	6,64 %	99.531,89 €
			567.813,00	100,00 %	1.500.000,00

- Neste proxecto, a intensidade da subvención das actuacións é do 100 %, por este motivo non serán precisas achegas por parte de Deputación nin dos municipios. En calquera caso, aínda que o proxecto se concreta en actuacións cuxo importe coincide coa partida asignada á Deputación de Pontevedra polo Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática, se se superase o importe aplicaríanse achegas municipais para facer fronte ao exceso.
- O cronograma de execución estimativo iniciarase en 2024 (inmediatamente despois da aprobación) e finalizará con data de 30/06/2025, salvo autorización de prórroga sobrevinda do Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática.
- O cronograma das actuacións queda reflectido na seguinte táboa:

AN O	ACTUACIÓNS	%	TOTAL
2024	A_0 Adquisición de equipos informáticos e licenzas	20 %	300.000,00 €
2024	A_1 Diagnose		
2024	A_2 Estudo das fontes de información		
2024	A_3 Definición do modelo de datos		
2025	A_4 Redacción de plans e protocolos	80 %	1.200.000,00 €
2025	A_5 Preparación das ferramentas informáticas		
2025	A_6 Traballo en gabinete		
2025	A_7 Implantación plataforma		
2025	A_8 Preparación de entregables e remisión ao INE		
2025	A_9 Xustificación		

- Mediante a Resolución presidencial núm. RP2024008269 aceptouse a axuda concedida polo Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática ao proxecto denominado “+Rueiro”, financiado no marco do PRTR, e iniciáronse os trámites para a xeración de crédito polo importe da subvención concedida, ademais de autorizar e comprometer o gasto por importe de 1.500.000,00 euros na aplicación que se abra do orzamento provincial no correspondente proxecto de gastos, sobre o que se contabilizarán as operacións de xeración de crédito.



- Que esta colaboración entre a Deputación e cada un dos concellos adheridos busca a execución das actividades incluídas no proxecto aprobado, antes citado, correspondentes ao seu termo municipal; concretamente actuar na transformación dixital e a modernización do padrón municipal dos concellos para levar a cabo un censo de vivendas mediante a posta en marcha dun novo sistema de xestión da información sobre o territorio dos municipios da provincia.
- Co fin de instrumentar a citada concesión, tramítanse os presentes convenios de colaboración. A competencia desta Deputación Provincial para a execución desta actuación responde ao referido no artigo 3 das bases reguladoras da subvención, establecidas pola Orde TER/1235/2023, de 15 de novembro. Tanto a adecuación ao obxecto da convocatoria coma a competencia quedaron acreditadas no expediente de concesión das axudas.
- Que cada un dos convenios se fai ao abeiro dun modelo normalizado de convenio de colaboración, no que se individualiza neste caso o concello beneficiario, a persoa representante, a finalidade subvencionada e o seu financiamento.
- A vixencia dos convenios estenderase desde a data da súa sinatura e terá vixencia ata o final das actuacións do que é obxecto e, en todo caso, ata o 30 de agosto de 2025. Non obstante, a vixencia deste convenio poderá prorrogarse de conformidade expresa das partes asinantes, sempre que a normativa aplicable ás operacións financiadas polo PRTR o permita.
- Pola achega do Ministerio correspondente ao exercicio 2024 xerouse crédito por un importe de 300.000,00 euros nas correspondentes aplicacións orzamentarias 24/942.9321.652.00 e 942.9321.227.06, dentro do proxecto de gastos co código 92410001. No que respecta á cantidade restante correspondente ao exercicio 2025, por importe de 1.200.000,00 euros, o devandito crédito inclúese no orzamento para ese exercicio, aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación provincial na súa sesión extraordinaria do 8 de novembro de 2024.
- A xefa do Servizo de Cooperación informa favorablemente o expediente en data 15/11/2024.
- Conforme ao recollido no artigo 214 do TRLRFL, solicítase un informe á Intervención da Deputación de Pontevedra, que informa favorablemente o 16/09/2024.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).



- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza xeral).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Orde TER/1235/2023, de 15 de novembro, pola que se aproban as bases reguladoras e se efectúa a convocatoria correspondente a 2023 de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización dos sistemas de xestión do padrón municipal nas entidades locais, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR).

#### Instrución do expediente

- De conformidade co disposto no apartado 4 do artigo 18 da Orde TER/1235/2023, de 15 de novembro, entenderase que “a entidade beneficiaria acepta todas as condicións da subvención, se esta non manifesta a súa oposición dentro do prazo de dez días desde a notificación da resolución de concesión desta”.
- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, no que se sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto desta.
- Artigos 213 e seguintes do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do sector público local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local.
- Base 47.<sup>a</sup> e 48.<sup>a</sup> de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, onde se sinala a competencia de Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS, no que se establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

#### Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, no que se sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto desta.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47.<sup>a</sup> e 48.<sup>a</sup> de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, onde se sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.





### Competencia para resolver

- En virtude da repartición de competencias recollida no artigo 35 da LRBRL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

### CONCLUSIÓNES

Con vistas a articular as bases de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e os concellos adheridos para desenvolver as actuacións do “+Rueiro: Proxecto de transformación dixital e modernización para levar a cabo o censo de vivendas dos municipios da provincia de Pontevedra”, estímase de interese para esta institución formalizar un convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e os citados concellos para a execución destas actividades.

A concesión da axuda de 1.500.000 euros para financiar a achega provincial do proxecto “+Rueiro” non implica ningunha achega por parte desta Deputación dado que o proxecto se concreta en actuacións cuxo importe coincide coa partida asignada á Deputación de Pontevedra polo Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática.

Por todo o exposto e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito aplicables, informo favorablemente a aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación provincial de Pontevedra e os concellos adheridos para levar a cabo, dentro do seu termo municipal, as actuacións recollidas no proxecto “+Rueiro”, que conta cun financiamento do 100 % da Unión Europea, compoñente 11.I3 do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR) por importe de 1.500.000,00 euros, a través da convocatoria de axudas impulsadas polo Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática a entidades locais para proxectos de transformación dixital e modernización dos sistemas de xestión do padrón municipal das entidades locais.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións sinaladas, Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a concesión das subvencións en especie, en réxime de concorrencia non competitiva, aos 59 concellos adheridos a “+Rueiro: Proxecto de transformación dixital e modernización para levar a cabo o censo de vivendas dos municipios da provincia de Pontevedra”, conforme á distribución establecida para cada concello no cadro de financiamento recollido nos antecedentes da presente proposta de acordo.
- Aprobar o convenio marco de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e cada un dos concellos adheridos ao proxecto para a execución do “+Rueiro: Proxecto de transformación dixital e modernización para levar a cabo o censo de vivendas dos municipios da provincia de Pontevedra”.
- O texto do convenio figura co CSV: WU5ZDQI6X6K64GBI.
- Tendo en conta que non consta a aprobación do texto do convenio polos concellos adheridos, a súa sinatura condiciónase á aprobación deste polo órgano competente municipal.
- Darlle traslado deste acordo ao Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática, aos concellos adheridos ao proxecto, á Intervención provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.



7.34422.- CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO SITUADAS EN CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA A “PROMOCIÓN DA ACCESIBILIDADE UNIVERSAL, A ELIMINACIÓN DE BARREIRAS E A ADQUISICIÓN DE AXUDAS TÉCNICAS NO ANO 2024”.  
(Expte.2023072114)

1º.- Por Acordo da Xunta de Goberno nº 34.33686 de data 19 de abril de 2024, aprobouse a convocatoria e bases reguladoras do programa “*Pontevedra, provincia + Inclusiva*” para a concesión de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro situadas en concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia de Pontevedra, para a promoción da accesibilidade universal, a eliminación de barreiras e a adquisición de axudas técnicas (CSX\_D/24), publicadas no BOPPO nº 82 do 26 de abril de 2024.

2º.- Segundo o establecido nas bases reguladoras, o obxecto da subvención, tramitada polo procedemento de réxime de concorrencia non competitiva, é a promoción da accesibilidade universal, a eliminación de barreiras e a adquisición de axudas técnicas destinadas a entidades sen fins de lucro situadas en concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia de Pontevedra que se atopen inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Xunta de Galicia e que sexan titulares ou xestoras de centros ou programas de servizos sociais nos ámbitos de inclusión, maiores e/ou discapacidade.

3º.- As subvencións están dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que cumpran os seguintes requisitos:

- Atoparse inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia como titulares ou xestoras de centros ou programas de servizos sociais nos ámbitos de inclusión, maiores e/ou discapacidade.
- Ter o domicilio social nalgún concello de ata 50.000 habitantes da provincia de Pontevedra.
- Estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Deputación de Pontevedra e coa Seguridade Social.

4º.- Rematado o prazo de presentación de solicitudes de dous (2) meses contados a partir da publicación das bases e do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), rexistráronse un total de 31 solicitudes.

5º.- A instrución do procedemento de concesión correspóndelle ao Servizo de Benestar Social, que realizou de oficio cantas actuacións estimou necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos e da documentación aportada.



Unha vez avaliadas as mesmas e requirida, no seu caso, a documentación oportuna durante a tramitación do procedemento, con data 21 de outubro de 2024 o órgano instrutor emite un informe proposta solicitando a fiscalización dos expedientes, no que se recolle a relación das entidades para as que se propón a concesión da subvención coa súa contía, e as solicitudes excluídas co motivo de rexeitamento (CSV: Y8AOWZ9LZ0TTLQZT)

6º.- Con data 24 de outubro de 2024, Intervención emite informe favorable (CSV: M1Y2RA6N9CK469MQ) sobre a fiscalización dos expedientes da convocatoria, previa á aprobación definitiva polo órgano competente, e deixa constancia da existencia de crédito autorizado (Doc.A nº 202400091914) para facer fronte a este gasto, con cargo á aplicación orzamentaria 24/231.2311.789.00 do vixente orzamento provincial, cos seguintes condicionamentos:

*“ (...) menciónanse a continuación as entidades cuxa concesión de subvención condiciónase á obtención das autorizacións sectoriais correspondentes, e que deberán achegarse coa xustificación da mesma:*

Expte.	ENTIDADE	AUTORIZACIÓN SECTORIAL
2024044872	ASOCIACIÓN AUTISMO BATA	Licenza municipal (Concello de Vilagarcía de Arousa)
2024045346	DALLE QUE DALLE, S.C.G.	Comunicación previa obras (Concello de Vilagarcía de Arousa)
2024045145	FUNDACIÓN LAR PRO SALUD MENTAL	Augas de Galicia Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia

*(...)*”

7º.- Avaliado o informe proposta do órgano instrutor, fiscalizado pola Intervención, a Comisión de Valoración emite informe con data 24 de outubro de 2024 (CSV: 6WKET8O8OUM3MDBV), no que se recolle a relación de entidades para as que se propón a concesión da subvención e a súa contía, así como aquelas entidades que quedan excluídas e as súas causas:

*“ (...)*

- *1 entidade desiste da súa solicitude: a través de instancia xenérica, a Asociación Española Contra el Cáncer (AECC) expón que “ (...) a AECC si dispón dunha sede no municipio de Sanxenxo, ubicado na Avda, de Marín, 6 baixo, aínda que na páxina web non esté actualizado. Deste local, do que dispoñemos en réxime de alquiler, non podemos demostrar que o teñamos ata dentro de 5 anos porque a pesar de ser a nosa intención, os contratos os firmamos anualmente co propietario. Por iso, e tamén por non dispoñer do domicilio social da entidade nesa dirección, decidimos retirar a nosa solicitude da convocatoria (...)*”

DESISTENCIA			
Nº	Nº EXTE	CIF	NOME ENTIDADE
1	2024043698	G28197564	ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA EL CÁNCER (AECC)



- 13 solicitudes resultaron inadmitidas a trámite segundo o seguinte detalle:

SOLICITUDES EXCLUÍDAS			
● POR NON CUMPRIR OS REQUISITOS ESTABLECIDOS NAS BASES DA CONVOCATORIA			
Nº	Nº EXPTE.	CIF	NOME ENTIDADE
1	2024030859	G94017704	ASOCIACIÓN O SON DO POBO (Base décima: non achegar documentación complementaria)
2	2024033108	G94001666	ASOCIACIÓN VECINAL DE FRAGAS (Base cuarta: non estar inscrita no RUEPSS, dentro das áreas de inclusión, maiores e/ou discapacidade)
3	2024041011	G15483498	ASOCIACIÓN GALEGA PARA AXUDA DOS ENFERMOS CON DEMENCIA TIPO ALZHEIMER AGADEA (Base cuarta: ter o domicilio social nun Concello de menos de 50.000 habitantes)
4	2024043337	G36648319	CENTRO CULTURAL Y DEPORTIVO BOLOS DA CARRASCA (Base cuarta: non estar inscrita no RUEPSS)
5	2024044282	G36190098	CLUB DE JUBILADOS Y PENSIONISTAS DE PORTONOVO (Bases quinta e décima: non acreditar titularidade ou dereito de uso do inmovible por un período de cesión vixente mínimo de 5 anos)
● POR NON SER OBXECTO DE SUBVENCIÓN			
6	2024032398	G36341113	ASOCIACIÓN DE MAIORES DE PONTEAREAS
7	2024041012	G36021970	ASOCIACIÓN DE APOYO A PERSONAS CON DIVERSIDAD INTELECTUAL ACEESCA
8	2024043522	G15526148	ASOCIACIÓN GALEGA DE RESIDENCIAS E CENTROS DE ANCIÁNS DE INICIATIVA SOCIAL ACOLLE
9	2024044482	G36298867	ASOCIACIÓN AVELAÍÑA
10	2024044729	G36484616	ASOCIACIÓN AREVA
11	2024045102	G36161214	ASOCIACIÓN DISMINUIDOS FÍSICOS E PSÍQUICOS DE MOS
12	2024045630	R3600131A	CASA SANTA MARÍA DE LA ESPERANZA ESCLAVAS VIRGEN DOLOROSA
● POR DUPLICIDADE			
13	2024043521	G15526148	ASOCIACIÓN GALEGA DE RESIDENCIAS E CENTROS DE ANCIÁNS DE INICIATIVA SOCIAL ACOLLE



- 17 solicitudes son admitidas por reunir os requisitos establecidos na convocatoria:

SOLICITUDES ADMITIDAS					
Nº	NºEXPTE.	CIF	Nome Entidade	Presuposto	Importe Provisional Concedido
1	2024029748	G36022762	Asociación para la Protección de los Ancianos de Lalín y Comarca	5.593,29€	4.474,59€
2	2024036004	R3600091G	Congregación Hermanas Franciscanas Hospitalarias	6.519,48€	5.215,58€
3	2024036758	G36453728	Asociación de Persoas con Discapacidade das Comarcas do Condado e Paradanta	3.609,52€	2.887,62€
4	2024041911	G36456317	Asociación Párkinson de la Provincia de Pontevedra	14.243,66€	10.000,00€
5	2024042159	G36870558	Asociación de Padres de Personas con Discapacidad Intelectual de Vigo (ASPAVI)	10.721,69€	8.577,35€
6	2024043989	G36248011	Asociación Lenda de Saúde Mental	7.498,22€	5.998,57€
7	2024044134	G36017929	Fundación Residencia Divina Pastora de Vilagarcía de Arousa	13.008,95€	10.000,00€
8	2024044138	G36369494	Asociación ASPADEZA	1.706,00€	1.364,80€
9	2024044595	G36452837	Asociación de Persoas con Discapacidade Vontade	11.274,78€	1.691,22€
10	2024044733	G36630572	Asociación Benéfica Social de Padres y Amigos La Esperanza del Valle Miñor	5.678,53€	4.542,82€
11	2024044872	G36105567	Asociación Autismo Bata	10.441,63€	8.353,30€
12	2024045032	G36897247	Asociación Dar Más	1.560,00€	1.248,00€
13	2024045145	G36302776	Fundación Lar Pro Salud Mental	16.620,16€	10.000,00€
14	2024045323	G36368488	Asociación de Familiares de Persoas con Alzheimer e Outras Demencias do Morrazo (AFAMO)	9.848,18€	7.850,00€
15	2024045346	F94096021	Dalle que Dalle Sociedade Cooperativa Galega	5.418,40€	4.334,72€
16	2024045542	G94129863	Asociación Rapaces/zas e Amigos/as con Necesidades Especiais	513,38€	410,70€
17	2024045629	R3600113I	Colegio Nuestra Señora de Fátima en Creciente Esclavas de la Virgen Dolorosa	10.972,99€	8.778,39€



7º.- Das 17 solicitudes aceptadas por reunir os requisitos establecidos na convocatoria, cabe sinalar que en 3 delas validanse importes distintos aos solicitados pola entidade, debido a que nos orzamentos achegados figuraban conceptos non subvencionables conforme as bases reguladoras da convocatoria:

- A Asociación Dar Más indica na solicitude un orzamento total de 10.037,85€, para o que solicita á Deputación de Pontevedra a contía de 8.030,28€. Dentro desa contía existen conceptos non subvencionables: o "filtro de auga", "calefacción" e "sofás" non se poden englobar dentro de ningún dos custos subvencionables conforme as bases (obras de acondicionamento ou reforma de espazos accesibles, custos de redacción da memoria do proxecto, axudas técnicas e sistemas inclusivos de comunicación). Por este motivo, e tendo en conta que no formulario de solicitude (CSV B0W418NE34MIBUCY) a entidade indica que o IVE é deducible, dende o órgano instrutor estímase considerar como orzamento total a contía de 1.560,00€ e, mantendo a porcentaxe do 80% solicitada inicialmente pola entidade, a contía solicitada á Deputación Provincial sería de 1.248,00€.
- A Fundación Lar solicita a contía de 10.000 euros para un orzamento total de 14.083,55 euros. Durante a tramitación do expediente estímase valorar o orzamento correspondente á obra de mellora da accesibilidade polo importe total de 15.566,41 euros (CSV 5W1OKPB5B6XT5ZH), e considérase descontar o custo de "taxas administrativas" por importe de 300 euros, por non ser obxecto de subvención. Tras os mencionados axustes o orzamento total a valorar é de 16.620,16 euros, para o que se solicita a contía de 10.000 euros.
- A entidade Dalle que Dalle Sociedade Cooperativa galega solicita a contía de 6.926,15 euros para un orzamento total de 8.657,69 euros. Ese orzamento inclúe custos que non son subvencionables conforme a base quinta da convocatoria, polo que tras descontar os importes correspondentes a "escritorio altura regulable", "micrófono", e "silla de recepción", a contía total validada polo órgano instrutor é de 5.418,40 euros. Polo tanto, a contía solicitada sería de 4334,72€ (80%). Todos estes importes son sen IVE, xa que segundo documento achegado pola entidade (CSV G24U4L7Q1GCQYJRZ) o IVE é recuperable para a mesma.  
(...)"

8º.- Unha vez recibido o informe da Comisión de Valoración, de conformidade co previsto no artigo 24 da Lei xeral de subvencións, o órgano instrutor formulou unha proposta de resolución provisional das entidades beneficiarias, das excluídas e da aceptación das desistencias da convocatoria de subvencións para a promoción da accesibilidade universal, a eliminación de barreiras e a adquisición de axudas técnicas no ano 2024 (CSV: Q10H2WRZH3TN3GDF e NGKHJHSG8SDDL827 ).

9º.- Con data 29 de outubro de 2024, BOPPO N° 211, foi publicado o anuncio relativo á proposta de resolución provisional da convocatoria de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a promoción da accesibilidade universal, a eliminación de barreiras e a adquisición de axudas técnicas no ano 2024, de acordo cos termos establecidos no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.



10º.- Rematado o prazo outorgado de dez (10) días para formular alegacións á resolución provisional, dúas entidades propostas como excluídas presentan alegacións : CASA SANTA MARÍA DE LA ESPERANZA ESCLAVAS DE LA VIRGEN DOLOROSA (Expte. 2024045630), con CSV: KL5G2DRKQZXIGFFJ e ASOCIACIÓN DE APOYO A PERSONAS CON DIVERSIDAD INTELECTUAL ACEESCA (Expte. 2024041012), con CSV DZ7UYUXH8ORLVWZR.

11º.- Vistas ditas alegacións, o órgano instrutor solicita informe técnico ao Servizo de Arquitectura e Urbanismo, ao fin de valorar a resolución das mesmas. (CSV: Y96T92BOIUYYQONM e TQ9CP3CSJTB0AZ9Y).

Con data 15 de novembro de 2024, o Servizo de Arquitectura e Urbanismo emite informes técnicos (CSV: DD0Q67Y5OCH85F9Q e BVERQ2OZ6OUJPN8E , respectivamente):

- Con respecto ao expediente da entidade *Casa Santa María de la Esperanza Esclavas de la Virgen Dolorosa*, con NIF R3600131A, infórmase que “(...) non se atopa impedimento en continuar coa tramitación deste expediente. En todo caso, cómpre indicar que para a execución das obras deberase obter o correspondente título habilitante municipal de natureza urbanística”.

Así mesmo, recóllese a recomendación: “Segundo a memoria, o valado actual ten unha altura de 1,00m máis altura do terreo. Recoméndase a substitución do valado existente por un que acade os 1,20m esixidos pola normativa”. Con data 18 de novembro de 2024 a entidade achega título habilitante municipal (CSV: ZSKHD98S165L6UJB).

- No que respecta ao expediente da Asociación de *Apoio a Personas con Diversidad Intelectual ACEESCA*, con NIF G36021970, no informe técnico do Servizo de Arquitectura e Urbanismo “(...) non se atopa impedimento en continuar coa tramitación deste expediente. En todo caso, cómpre indicar que para a execución das obras deberase obter o correspondente título habilitante municipal de natureza urbanística.”

12º.- Valoradas as alegacións, con data 19 de novembro de 2024 o órgano instrutor propón a aceptación de ambas as dúas (CSV: XBQE0DQJSMMS7CKS), en base á valoración técnica realizada polo Servizo de Arquitectura, e formula a proposta de resolución definitiva, que contén a relación das 19 entidades solicitantes para as que se propón a concesión da subvención e o seu importe (RELAC/2024000059, con CSV: 1TLTSP60BFU4D4W6), e que supón o reparto de 114.575,18 euros con cargo á aplicación 24/231.2311.789.00.

13º.- Con data 19 de novembro de 2024, Intervención emite informe favorable do expediente (CSV M0TSUA3U3B4ABB83).



De acordo có exposto, considerando que o órgano competente para a aprobar a concesión de subvencións é a Xunta de Goberno, de conformidade co establecido na base décimo terceira da convocatoria, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1º.- A aprobación da concesión das subvencións dirixidas a 19 entidades sen fins de lucro, para a promoción da accesibilidade universal, a eliminación de barreiras e a adquisición de axudas técnicas, que se detallan no documento anexo (RELAC/2024000059, con CSV: 1TLTSP60BFU4D4W6) por un importe total de 114.575,18 € con cargo á aplicación 24/231.2311.789.00. do vixente orzamento provincial, para o que existe crédito autorizado (Doc. A nº202400091914), tendo en conta os seguintes aspectos:

- En 3 expedientes validanse importes distintos aos solicitados, debido a que nos orzamentos achegados figuraban conceptos non subvencionables conforme as bases reguladoras da convocatoria:

Expediente	Entidade	Orzamento total validado	Contía concedida
2024045032	ASOCIACIÓN DAR MÁŠ	1.560,00€	1.248,00€
2024045145	FUNDACIÓN LAR PRO SALUD MENTAL	16.620,16€	10.000,00€
2024045346	DALLE QUE DALLE, S.C.G.	5.418,40€	4.334,72€

- A concesión da subvención para as seguintes entidades está condicionada á achega das correspondentes autorizacións ou comunicacións xunto á documentación xustificativa:

Expediente	Entidade	Autorización sectorial
2024044872	ASOCIACIÓN AUTISMO BATA	Licenza municipal (Concello de Vilagarcía de Arousa)
2024045346	DALLE QUE DALLE, S.C.G.	Comunicación previa obras (Concello de Vilagarcía de Arousa)
2024045145	FUNDACIÓN LAR PRO SALUD MENTAL	-Licenza municipal (Concello de Vilagarcía de Arousa) -Augas de Galicia -Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia
2024041012	ASOCIACIÓN DE APOYO A PERSONAS CON DIVERSIDAD INTELECTUAL ACEESCA	Título habilitante municipal (Concello de O Porriño)

2º.- Admitir a desistencia presentada:

DESISTENCIA			
Nº	Nº EXTE	CIF	NOME ENTIDADE
1	2024043698	G28197564	ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA EL CÁNCER (AECC)





3º.- Desestimar as 11 solicitudes que se detallan a continuación con indicación da súa causa:

SOLICITUDES EXCLUÍDAS			
● POR NON CUMPRIR OS REQUISITOS ESTABLECIDOS NAS BASES DA CONVOCATORIA			
Nº	Nº EXPTE.	CIF	NOME ENTIDADE
1	2024030859	G94017704	ASOCIACIÓN O SON DO POBO (Base décima: non achegar documentación complementaria)
2	2024033108	G94001666	ASOCIACIÓN VECINAL DE FRAGAS (Base cuarta: non estar inscrita no RUEPSS, dentro das áreas de inclusión, maiores e/ou discapacidade)
3	2024041011	G15483498	ASOCIACIÓN GALEGA PARA AXUDA DOS ENFERMOS CON DEMENCIA TIPO ALZHEIMER AGADEA (Base cuarta: non ter o domicilio social nun Concello de menos de 50.000 habitantes)
4	2024043337	G36648319	CENTRO CULTURAL Y DEPORTIVO BOLOS DA CARRASCA (Base cuarta: non estar inscrita no RUEPSS)
5	2024044282	G36190098	CLUB DE JUBILADOS Y PENSIONISTAS DE PORTONOVO (Bases quinta e décima: non acreditar titularidade ou dereito de uso do inmovible por un período de cesión vixente mínimo de 5 anos )
● POR NON SER OBXECTO DE SUBVENCIÓN			
6	2024032398	G36341113	ASOCIACIÓN DE MAIORES DE PONTEAREAS
7	2024043522	G15526148	ASOCIACIÓN GALEGA DE RESIDENCIAS E CENTROS DE ANCIÁNS DE INICIATIVA SOCIAL ACOLLE
8	2024044482	G36298867	ASOCIACIÓN AVELAÑA
9	2024044729	G36484616	ASOCIACIÓN AREVA
10	2024045102	G36161214	ASOCIACIÓN DISMINUIDOS FÍSICOS E PSÍQUICOS DE MOS
● POR DUPLICIDADE			
11	2024043521	G15526148	ASOCIACIÓN GALEGA DE RESIDENCIAS E CENTROS DE ANCIÁNS DE INICIATIVA SOCIAL ACOLLE

8.34423.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA OBRA “MELLORA DA DRENAXE NA E.P. 2502 CERQUIDO-RIBADELOURO, DENDE O P.Q. 0+000 AO P.Q. 0+950 (CONCELLO DE PORRIÑO)” (Expte.2024070955)

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.

Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.



Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a E.P. 2502 CERQUIDO - RIBADELOURO que percorre os termos municipais de Salceda de Caselas, Tui e Porriño pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude de 2.527 metros.

Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizo técnico de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que actualmente o tramo P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+950 da devandita estrada, no termo municipal de Porriño, presenta problemas na estrada debido o mal estado da drenaxe existente, con tramos con roturas e obstrucións.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse por Dona María Elena Pérez Alonso, enxeñeira adscrita ó Servizo de Infraestruturas, o proxecto de execución da obra “*Mellora da drenaxe na E.P. 2502 Cerquido-Ribadelouro, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+950 (Concello de Porriño)*” cun orzamento base de licitación de 311.373,06 € IVE Incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: LLYM5SCQTGH45KWP.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada da área de Infraestruturas Públicas, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Mellora da drenaxe na E.P. 2502 Cerquido-Ribadelouro, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+950 (Concello de Porriño)*”

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 6KIR4O2FXXJPQPJR, informe emitido pola Intervención, no que se recolle que Na vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gasto nº 2024070955, existe crédito retido por importe de 311.373,06 € mediante documento RC nº 202400233752.

Resultando.- Que consta no expediente informe de fiscalización do proxecto favorable CSV: 51NZ1I5PBQDWUMGG.

Considerando.- Que a esixencia de informe de supervisión non é preceptiva dado que non se superan os límites establecidos no art. 235 da LCSP e as actuacións non afectan á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.

Considerando.- Que de acordo coa clasificación establecida no artigo 232 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP), as obras do presente proxecto inclúense no grupo a) “Obras de primeiro establecemento, reforma, restauración, rehabilitación ou gran reparación”, ao tratarse dunha obra de renovación, rehabilitación e mellora da drenaxe existente en mal estado polo natural uso da mesma ao longo do tempo, renovando as canalizacións de pluviais e implementando tamén treitos de cuneta en formigón.



Considerando.- Que polo carácter e ámbito das obras, que delimitáanse exclusivamente a plataforma da estrada, no dominio público viario titularidade desta Deputación, unicamente a nivel superficial, mellorando a drenaxe e pavimentación do firme existente en un viario completamente consolidado non se fan necesarias autorizacións derivadas da normativa sectorial aplicable, consonte o artigo 20 Informes sectoriais da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: “...a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación...”

Considerando.- Todo o recollido no Título I, Capítulo I, sección 1ª da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Ilmo Sr. Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras un valor estimado de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto de execución da “*Mellora da drenaxe na E.P. 2502 Cerquido-Ribadelouro, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+950 (Concello de Porriño)*”, redactado por Dona María Elena Pérez Alonso, enxeñeira adscrita ó Servizo de Infraestruturas, cun orzamento base de licitación de 311.373,06 € IVE Incluído. A este proxecto asináuselle o código CSV: LLYM5SCQTGH45KWP.

9.34424.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA OBRA “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 9302 XIL-AS COVAS-BARRANTES (CONCELLOS DE MEAÑO E RIBADUMILA)” (Expte.2024069327)

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.



Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a estrada E.P. 9302 XIL - AS COVAS - BARRANTES que percorre os termos municipais de Meaño e Ribadumia pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude de 5.757 metros.

Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal dos servizos técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que na devandita estrada no tramo comprendido dende o P.Q. 0+000 ó P.Q. 5+757 resulta necesario proceder a reposición das características superficiais do firme e a restitución da capacidade portante do mesmo mediante a reposición do firme en mal estado, mellora da drenaxe lonxitudinal, execución de redutores físico de velocidade e operacións complementarias da reposición da sinalización vertical e horizontal afectada, dando así restitución de un correcto servizo para todo o viario.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse por Dona Belén Camino, enxeñeira adscrita ó Servizo de Infraestruturas, o proxecto de “Mellora da seguridade viaria na E.P. 9302 Xil-As Covas-Barrantes (Concellos de Meaño e Ribadumia)” cun orzamento base de licitación de 1.265.773,75 € IVE Incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: Q8P8VXKOAWNOQ2JR.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada da área de Infraestruturas Públicas, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Mellora da seguridade viaria na E.P. 9302 Xil-As Covas-Barrantes (Concellos de Meaño e Ribadumia)”.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC por importe de 1.265.773,75 € con cargo á aplicación orzamentaria á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial (número operación 202400232372), certificando a existencia de crédito para facer fronte a este gasto.

Resultando.- Que consta no expediente informe de fiscalización do proxecto favorable CSV: PBA729EYBX2EYTXJ.



Considerando.- Que existe no expediente informe de supervisión do proxecto de data 25/10/2024 con CSV: ZXBC86Q3FORI5IU9 asinado polo xefe dos servizos técnico de Infraestruturas e Vías Provinciais, onde se fai constar que o proxecto cumpre coa normativa urbanística e a avaliación ambiental. A maiores, a totalidade da actuación atópase dentro da zona de dominio público viario provincial, polo que non é precisa a ocupación de ningún terreo de propiedade privada.

Considerando.- Que de acordo coa clasificación establecida no artigo 232 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP), as obras do presente proxecto inclúense no grupo c) Obras de conservación e mantemento ao tratarse dunha obra de renovación do firme e as reparacións necesarias nel son consecuencia do natural ou normal uso das estradas.

Considerando.- Que polo carácter e ámbito das obras, que delimitáanse exclusivamente a plataforma da estrada, no dominio público viario titularidade desta Deputación, unicamente a nivel superficial, mellorando a drenaxe e pavimentación do firme existente en un viario completamente consolidado non se fan necesarias autorizacións derivadas da normativa sectorial aplicable, consonte o artigo 20 Informes sectoriais da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: "...a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación..."

Considerando.- Todo o recollido no Título I, Capítulo I, sección 1ª da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Ilmo Sr. Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras un valor estimado de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto de execución da obra "*Mellora da seguridade viaria na E.P. 9302 Xil-As Covas-Barrantes (Concellos de Meaño e Ribadumia)*" redactado por Dona Belén Camino, enxeñeira adscrita ó Servizo de Infraestruturas, cun orzamento base de licitación de 1.265.773,75 € IVE Incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: Q8P8VXKOAWNOQ2JR.



10.34425.- DECLARAR DESERTO O PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DO “SERVIZO DE SOPORTE E MANTEMENTO DAS INFRAESTRUTURAS AUXILIARES DE ACONDICIONAMENTO DOS CENTROS DE PROCESO DE DATOS (CPD E CPDR) DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (Expte.2024050712)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do día 24 de outubro de 2024, aprobou o expediente de contratación para a “*Adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado do contrato para a prestación do servizo de soporte e mantemento das infraestruturas auxiliares e de acondicionamento dos centros de proceso de datos (CPDP e CPDR) da Deputación de Pontevedra*” (Expte. 2024050712).

O anuncio de licitación publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 28/10/2024. Así mesmo, na mesma data publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na reunión do día 14 de novembro de 2024, observa que que non existe ningunha oferta presentada dentro do prazo establecido ao efecto, polo que propón ao órgano de contratación que declare deserto o citado procedemento aberto simplificado por non presentarse ningunha empresa licitadora interesada na adxudicación deste contrato.

Considerando.- Que de conformidade co disposto no segundo parágrafo do artigo 150.3 LCSP, o órgano de contratación declarará deserto o procedemento cando non existan ofertas ou proposicións admisibles de acordo cos criterios que figuren no prego.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16<sup>a</sup>.2.a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Declarar deserto o procedemento aberto simplificado convocado para a “*Adxudicación do contrato para a prestación do servizo de soporte e mantemento das infraestruturas auxiliares e de acondicionamento dos centros de proceso de datos (CPDP e CPDR) da Deputación de Pontevedra*” (Expte. 2024050712) por non presentarse ningunha empresa licitadora interesada na adxudicación deste contrato.



11.34426.- APROBACIÓN DA SEGUNDA PRÓRROGA E DA SEGUNDA MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE “SERVIZO DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DE PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS EN DIVERSOS EDIFICIOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (Expte.2022043534)

Na sesión ordinaria do día 04 de novembro de 2022, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adjudicou os tres lotes do contrato de servizo de “*Mantemento das instalacións de protección contra incendios en diversos edificios da Deputación de Pontevedra*” á empresa SEGURLEM, S.L. (NIF: B-36262053), polos prezos e valores seguintes:

Lotes	Prezo total ofertado sen IVE	21% de IVE	Prezo total IVE engadido
Lote 1	15.403,50 €	3.234,73 €	18.638,23 €
Lote 2	8.766,90 €	1.841,05 €	10.607,95 €
Lote 3	4.002,25 €	840,47 €	4.842,72 €

Na sesión ordinaria do día 27 de outubro de 2023, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra mediante acordo 11.33101 aprobou a modificación número 1 relativa ao lote 1 deste contrato para cesar a prestación do servizo na Escola de Canteiros, quedando os seguintes prezos e valores ofertados no Lote 1:

Lotes	Prezo total ofertado sen IVE	21% de IVE	Prezo total IVE engadido
Lote 1	13.854,99 €	2.909,55 €	16.764,54 €

O contrato formalizouse en documentos administrativos de data 19 de decembro de 2022 para os Lotes 1 e 3; e data 27 de decembro de 2022 para o Lote 2, sendo o prazo de duración dun ano contado dende a data sinalada no documento de formalización, con posibilidade de tres prórrogas dunha anualidade de duración cada unha. Os contratos entraron en vigor o 01 de xaneiro de 2023.

A Xunta de Goberno aprobou, mediante acordo adoptado na súa sesión ordinaria de data 24 de novembro de 2023, a primeira prórroga do contrato de servizo de “*Mantemento das instalacións de protección contra incendios en diversos edificios da Deputación de Pontevedra*” dende o 01 de xaneiro do 2024 ata o 31 de decembro do 2024, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.



Con data 26 de outubro de 2024, a Xefa do Servizo de Arquitectura, emite informe no que se solicita prorrogar o lote 1 polo período de un ano. Así mesmo, a Xefa de Xestión Administrativa do Centro Príncipe Felipe, con data 19 de setembro de 2024, emite informe no que se solicita prorrogar o lote 2, tamén polo período dun ano. De igual modo, a Xefa de Xestión do Museo de Pontevedra, con data 19 de outubro de 2024, emite informe no que se solicita prorrogar o lote 3, polo período dun ano. Nos tres lotes solicítase a prorroga con efectos dende o 01 de xaneiro de 2025 ao o 31 de decembro de 2025.

Resultando que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que *“A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatoria o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes”*.

Resultando que se formularon os preavisos de prórroga do lote 1 en data 30 de setembro de 2024 (data de comparecencia: 02/10/2024), do lote 2 en data 13 de setembro de 2024 (data de comparecencia: 17/09/2024) e do lote 3 en data 18 de outubro de 2024 (data de comparecencia: 18/10/2024), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 05 de novembro do 2024, a Intervención emitiu informe sobre a previsión futura de retención de crédito (CSV: 8XJJ36QRZ5P76KJ8) para atender as obrigas que se deriven da prórroga deste contrato.

Asemade, mediante informe de data 14 de novembro de 2024 (CSV: 00RTEIM1ELBF869S), a xefa do servizo de Turismo Rías Baixas comunica que a oficina de información turística de Armenteira (Lote 1) pechouse en xaneiro do presente ano, polo que o servizo de mantemento deixouse de prestar dende entón (31 de decembro de 2023), o que fai preciso reflectir na prórroga deste lote.

Tendo en conta que a cláusula 18 do prego administrativo, ao abeiro dos artigos 203 e 204 da LCSP, prevé como causa obxectiva de modificación a baixa de instalacións vinculadas á Deputación de Pontevedra.

Tendo en conta que a modificación cumpriría o alcance, límite e natureza previsto na cláusula nos pregos, sen alterar en ningún caso a natureza global do contrato, suporía unha minoración no prezo anual do lote 1 de 98,62 € (81,50 €, máis 17,12 € correspondentes ao 21% de IVE), na aplicación orzamentaria 433.4320.213.00, quedando o prezo desta aplicación recollida no Lote 1, suscrito por SEGURLEM SL (CIF: B36262053), polo prezo anual de 1.380,61 € (1.141,00 €, máis 239,61 € correspondentes ao 21% IVE).





De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 18 de novembro do 2024 (CSV: 1PFODUYUS75O0XUB), que conclúe o seguinte:

*“En atención ao exposto e, destacadamente, dos informes das responsables do contrato, infórmase favorablemente a proposta de segunda prórroga do contrato de servizo de “Mantemento das instalacións de protección contra incendios en diversos edificios da Deputación de Pontevedra” por un ano, desde o 01 de xaneiro do 2025 ata o 31 de decembro do 2025.*

*O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 01 de xaneiro do 2025.”*

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16<sup>a</sup>.2 a),

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a segunda modificación do contrato para a prestación do servizo de “Mantemento das instalacións de protección contra incendios en diversos edificios da Deputación de Pontevedra” subscrito para os tres lotes coa empresa SEGURLEM, S.L. (NIF: B36262053), para cesar a prestación deste servizo na oficina de información turística de Armenteira (correspondente ao lote 1), con efectos desde o 1 de xaneiro de 2024.

2.- Aprobar a segunda prórroga do contrato para a prestación do servizo de “Mantemento das instalacións de protección contra incendios en diversos edificios da Deputación de Pontevedra” subscrito para os tres lotes coa empresa SEGURLEM, S.L. (NIF: B36262053), durante o período que vai desde o 01 de xaneiro de 2025 ata o 31 de decembro de 2025, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo á/s seguinte/s aplicación/s orzamentaria/s:

LOTE 1:

Anualidade	Centro xestor	Aplicación orzamentaria	Importe (co IVE)
2025	Pazo Provincial, Edificio Administrativo e Sede de Vigo	25/920.9200.213.00	4.240,45 €
2025	Turismo Rías Baixas (Palacete das Mendoza)	25/433.4320.213.00	1.380,61 €
2025	Turismo Rías Baixas (Castelo de Soutomaior)	25/433.3360.213.00	631,14 €



2025	Turismo Rías Baixas (Castelo de Sobroso)	25/433.3363.213.00	1.025,60 €
2025	Patrimonio documental e bibliográfico (arquivo provincial)	25/332.3322.213.00	1.025,60 €
2025	Arquitectura (Centro Vacacional A Lanzada)	25/457.3370.213.00	355,01 €
2025	Medio Ambiente (Laboratorio Finca Mouriscade)	25/410.4120.213.00	1.617,29 €
2025	Estación Fitopatolóxica Areeiro	25/413.4123.213.00	1.203,10 €
2025	ORAL Oficina Central e Periféricas	25/932.9320.213.00	2.169,53 €
2025	Asistencia Intermunicipal (CAAN)	25/923.1705.213.00	335,29 €
2025	Asistencia Intermunicipal (Oficina de Revitaliza)	25/923.1623.213.00	177,51 €
2025	Infraestruturas e Vías Provinciais (Parque Maquinaria Lalín e Gondomar)	25/456.4530.213.00	591,69 €
2025	Cooperación cos Municipios (Viveiro de empresas de Lalín e Viveiro empresas Barro-Meis)	25/942.4330.213.00	1.538,39 €
2025	Cooperación cos Municipios (Centro de Apoio Empresarial)	25/942.4331.213.00	374,74 €
		<b>TOTAL</b>	<b>16.665,95 €</b>

**LOTE 2:**

Anualidade	Centro xestor	Aplicación orzamentaria	Importe (co IVE)
2025	Centro Príncipe Felipe	24/232.2312.213.00	10.607,95 €

**LOTE 3:**

Anualidade	Centro xestor	Aplicación orzamentaria	Importe (co IVE)
2025	Museo de Pontevedra (Edif. Fernandez López e anexo, Castro Monteagudo, García Flórez, Sarmiento, Castelao e Ruínas de San Domingos)	25/333.3330.213.00	4.842,72 €

O importe do gasto correspondente a anualidade 2025 quedará condicionado a aprobación do orzamento do respectivo exercicio e a existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondente aplicación orzamentaria.

12.34427.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES AROSA, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE “MELLORADA



SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 9402 MOSTEIRO-BARRANTES, P.Q. 0+000  
AO P.Q. 0+250 -MEIS". (Expte.2020045663) (Devogarán 2024072081)

Por acordo número 6.30148 da Xunta de Goberno celebrada na súa sesión ordinaria de data 09 de abril de 2021 (CSV.- IKM4R3HH59I0FEJ3), adxudicouse, mediante procedemento aberto simplificado, o contrato de obra de “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 9402 Mosteiro-Barrantes, P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+250 (Meis)*”. (Núm. Expte. 2020045663).

Para garantir a correcta execución deste contrato, a entidade mercantil MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (B-36.533.353), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, que é o seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (B-36.533.353)	8.001,99€	202400059679	24/03/2021

Igualmente, neste acordo da Xunta de Goberno número 6.30148 adxudicouse á empresa INGENIERIA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. (CIF B-81.470.841), o contrato derivado do “Acordo marco que rexe a prestación do Servizo de Seguridade e Saúde nas obras da Deputación de Pontevedra -ZONA CENTRO (CD 2020045663/1)”

Para garantir a correcta realización deste servizo de “*Seguridade e Saúde*” a entidade mercantil INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L., presentou unha garantía por importe de cincuenta e nove euros con setenta e cinco céntimos (59,75 €), constituída pola empresa.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV.- 2MKN9FONPNXJLJ7B), no cal sinala que “(...) *procede a devolución da garantía definitiva constituída polo contratista por importe de 8.001,99 €, segundo consta na carta de pagamento núm. 202100059679, de data 24 de marzo de 2021.*

*Igualmente, tamén procede a devolución da garantía definitiva constituída pola empresa Ingeniería y Prevención de Riesgos S.L. (CIF.- B-81470841) dentro do contrato derivado do “Acordo marco que rexe a prestación do Servizo de Seguridade e Saúde nas obras da Deputación de Pontevedra”, por importe de 59,75 €, segundo consta na carta de pagamento núm. 202100100495, de data 18 de maio de 2021 (...).*



Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- VOOMSL23BX7YHPTJ), no cal indica que existen na caixa da Deputación as constituicións por parte das entidades mercantís MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. e INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L., dunhas garantías con eses conceptos e por eses importes, e no que igualmente informa favorablemente á devolución das mesmas.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 9402 Mosteiro-Barrantes, P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+250 (Meis)*” (Expte. 2024072081), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (B-36.533.353), por resultar adxudicataria de dito contrato, que é a seguinte:

- o A constituída en valores, mediante aval de *CESCE*, por importe de oito mil un euros con noventa e nove céntimos (8.001,99 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 24/03/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100059679.

Terceiro.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. (B-81.470.841), por resultar adxudicataria do contrato de “*Seguridade e Saúde*” do contrato de “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 9402 Mosteiro-Barrantes, P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+250 (Meis)*”, que é a seguinte:

- o A constituída en metálico, por importe de cincuenta e nove euros con setenta e cinco céntimos (59,75 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 18/05/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100100495.



13.34428.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. (Expte. 2024076504)

Vista a relación de facturas con número 2024076504, que contén 10 facturas e por un importe de 13.529,20€ e con CSV: 59T0AMUXUD0GEO67, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 21/11/2024, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	13.669,20€
Descontos do IRPF.....	140,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	13.529,20€

14.34429.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES (Expte. 2024075864)

Vista a relación de facturas con número 2024075864, que contén 3 facturas e por un importe de 109.934,44€ e con CSV: W9ZT7AQXEC79J99O, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 19/11/2024, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de validación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	109.934,44 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	109.934,44 €



15.34430.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE RIBADUMIA AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A “ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2024 (LIÑA 3)”. (Expte.2024022381)

ANTECEDENTES

- 1) O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 29/12/2023, punto núm.4.8103 aprobou as “Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2022 (último vixente na data de aprobación das bases). As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 2 de 03/01/2024 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 2, do 03/01/2024.
- 2) Á vista da documentación obrante no expediente de subvención e dos informes da xefa do Servizo de Cooperación e da Intervención Provincial, mediante acordo da Xunta de Goberno do 19 de abril de 2024, punto núm. 7.33659, aprobouse a concesión dunha subvención ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2024 (Liña 3), mediante o procedemento de concorrencia non competitiva, con cargo á aplicación 2024/942.9425.462.03 do vixente Orzamento Provincial.
- 3) No caso do Concello de Ribadumia, concedéuselle unha subvención conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE RIBADUMIA					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
8	<i>1 oficial albanel, 3 peóns de obras públicas, 2 mozos/as de recollida de lixo, 1 monitor/a de ocio e tempo libre e 1 técnico/a de urbanismo a xornada completa durante 8 meses</i>	117.774,48 €	117.774,48 €	15.461,79 €	102.312,69 €

- 4) O concello, mediante escrito presentado no rexistro xeral da Deputación de Pontevedra núm. WEB2024066659 do 31/10/2024 (documentación completada en datas posteriores), solicita modificar o acordo de concesión da subvención motivado pola necesidade de cambiar a categoría de albanel pola de peón de obras públicas.



## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- O artigo. 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, establece que se poderá autorizar a modificación sempre que non se danen dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- O artigo 11.2.a) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aplicable de conformidade co disposto na Base 25ª.1ª das bases de execución do orzamento provincial, dispón que os beneficiarios da subvención quedan obrigados a comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade pretendida, co obxecto de que, se se estiman con suficiente antelación, poida procederse á modificación da resolución.
- Base Cuadraxésimo Cuarta do Capítulo III das Bases reguladoras do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2024 (Liña 3), no referente ás modificacións das resolucións ou dos acordos de concesión das subvencións para a activación do emprego, en concordancia co artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, que sinalan que se permite a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2024. As modificacións poderán implicar unha variación a alza. No caso de supoñer unha subvención inferior, poderá destinarse a contía sobrante ao financiamento de investimentos dentro da liña 1, respectando o límite establecido na base décimo novena.

## CONCLUSIÓNS:

En base á necesidade de cambiar a categoría de albanel pola de peón de obra pública, o interesado solicita a modificación do acordo de concesión modificando o importe do orzamento e da achega municipal permanecendo invariable o importe da subvención con respecto á súa petición inicial, conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE RIBADUMIA					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
8	<i>3 peóns de obras públicas, 2 mozos/as de recollida de lixo, 1 monitor/a de ocio e tempo libre e 1 técnico/a de urbanismo a xornada completa durante 8 meses e 1 peón de obras públicas a xornada completa durante 3 meses</i>	107.992,32 €	107.992,32 €	5.679,63 €	102.312,69 €

A normativa aplicable permite realizar a modificación proposta, xa que consta no expediente a documentación necesaria para a súa válida tramitación, respéctanse os criterios de distribución entre liñas que se establece nas Bases, non se estima que se prexudiquen dereitos de terceiros e solicítase dentro do prazo previsto nas bases.



Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, INFORMO FAVORABLEMENTE a aprobación da modificación do acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 19 de abril de 2024, punto núm. 7.33659, no referente á subvención concedida ó *Concello de Ribadumia*, CIF núm. P3604600A, da maneira que segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Ribadumia (P3604600A)	8	<i>3 peóns de obras públicas, 2 mozos/as de recollida de lixo, 1 monitor/a de ocio e tempo libre e 1 técnico/a de urbanismo a xornada completa durante 8 meses e 1 peón de obras públicas a xornada completa durante 3 meses</i>	102.312,69 €

#### RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16<sup>a</sup>.2<sup>a</sup> c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: PA7C1KU8XYN2MW72) e do informe de Intervención (CSV: KP2J3H7RZCJHDS0I), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Modificar o acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 19 de abril de 2024, punto núm. 7.33659, no referente á subvención concedida ó *Concello de Ribadumia*, CIF núm. P3604600A, que queda como segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Ribadumia (P3604600A)	8	<i>3 peóns de obras públicas, 2 mozos/as de recollida de lixo, 1 monitor/a de ocio e tempo libre e 1 técnico/a de urbanismo a xornada completa durante 8 meses e 1 peón de obras públicas a xornada completa durante 3 meses</i>	102.312,69 €

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, á Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.





16.34431.- ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA “SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLE PARA OS VEHÍCULOS DO PARQUE MÓBIL E MAQUINARIA DA DEPUTACIÓN, MEDIANTE CUN CONTRATO BASEADO NO ACORDO MARCO 21/2023 DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DO ESTADO”. (Expte.2024064885)

Por acordo da Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do día 15 de novembro de 2024 aprobouse o expediente de contratación da subministración de combustible para os vehículos do parque móbil e maquinaria da Deputación de Pontevedra a través da Central de Contratación do Estado, mediante un contrato baseado no Acordo Marco 21/2023.

Para a presente contratación, en data 15 de novembro de 2024, invitáronse ás empresas que figuran dentro do lote 1 - Península do AM 21/2023, COMPAÑÍA ESPAÑOLA DE PETROLEOS, S.A. (NIF: A28003119) e SOLRED S.A. (CIF: A79707345), a que presenten ofertas a través la Plataforma de Contratación do Sector Público (PLACSP).

Finalizado o prazo de presentación de ofertas en data 25 de novembro de 2024, procédese a descrición e descarga das ofertas presentadas a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

A empresa presentada e admitida á licitación é a seguinte:

- COMPAÑÍA ESPAÑOLA DE PETRÓLEOS, S.A.U. (CEPSA) (A28003119)

A oferta presentada pola empresa é a seguinte:

- Porcentaxe de desconto sobre o PAI: 11,75%

Criterio	Nº puntos de subministración
Número total de puntos de subministración nas localidades do Anexo I	6

Feitas as valoracións de acordo cos criterios automáticos establecidos no documento de licitación a oferta obtén a seguinte puntuación e queda clasificada da seguinte forma:

1ª	COMPAÑÍA ESPAÑOLA DE PETRÓLEOS, S.A.U. (CEPSA) (A28003119)	100 puntos
----	--	------------



Considerando que o artigo 227.2 da Lei 9/2017, de contratos del sector público (LCSP) establece que “*as centrais de contratación actuarán (...) celebrando Acordos Marco (.)*”, e no punto 4 establece que “*Nos acordos marco de contratación centralizada poderán celebrarse contratos baseados entre as empresas parte do acordo marco*”.

Considerando que o artigo 229.3 da LCSP sinala que “*o resto das entidades do sector público poderán concluír un acordo de adhesión coa Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación do Ministerio de Facenda e Función Pública para contratar as obras, servizos e subministracións declarados de contratación centralizada, a través do sistema estatal de contratación centralizada*”.

Considerando que o artigo 229.6 da citada LCSP indica que “*o órgano de contratación para a adxudicación dos contratos baseados nun acordo marco (...) cuxo destinatario fora una Administración, organismo ou entidade adherida, será o previsto nas normas xerais aplicables a ditas Administracións, organismos ou entidades*”.

Considerando que o artigo 229.7 LCSP, establece “*Nos casos nos que o órgano de contratación dos contratos baseados nun acordo marco, sexa a Xunta de contratación centralizada, e sexa necesario realizar unha segunda licitación, as actuacións relativas á licitación previas á adxudicación realizaranse con carácter xeral polo organismo destinatario da licitación*”.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16<sup>a</sup>.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións que superen o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar a COMPAÑÍA ESPAÑOLA DE PETRÓLEOS, S.A.U. (CEPSA) (A28003119) o contrato de subministración de combustible para os vehículos do parque móbil e maquinaria da Deputación de Pontevedra, mediante un contrato baseado no Acordo Marco 21/2023 (Lote 1) para a “*Subministración de combustibles en estacións de servizo*”, da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización de Contratación do Estado, de acordo co seguinte detalle:

– Porcentaxe de desconto sobre o PAI: 11,75%

Criterio	Nº puntos de subministración
Número total de puntos de subministración nas localidades do Anexo I	6



2.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 399.741,69 €, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias

Anualidade	Centro xestor	Aplicacións orzamentarias	Importe total (IVE incluído)
2024 (01/12/2024 a 31/12/2024)	PATRIMONIO DOCUMENTAL E BIBLIOGRÁFICO	24/332.3322.221.03	53,64 €
	CENTRO PRINCIPE FELIPE	24/232.2312.221.03	2.933,16 €
	COMUNICACIÓN INSTITUCIONAL	24/924.9240.221.03	105,02 €
	COOPERACION	24/942.4330.221.03	447,00 €
	E.F. AREEIRO	24/413.4123.221.03	450,44 €
	FINCA MOURISCADÉ	24/410.4120.221.03	390,36 €
	INFRAESTRUCTURAS E VÍAS PROVINCIAIS	24/456.4530.221.03	14.897,61 €
	MEDIO AMBIENTE	24/410.4100.221.03	765,28 €
	NN'TT	24/926.9260.221.03	50,06 €
	ORAL	24/932.9320.221.03	112,64 €
	PARQUE MÓBIL	24/920.9200.221.03	8.581,71 €
	SAIM	24/923.1623.221.03	1.403,91 €
	XUVENTUDE E RETO DEMOGRÁFICO	24/233.3370.221.03	409,46 €
	MUSEO DE PONTEVEDRA	24/333.3330.221.03	149,09 €
2025 (01/01/2025 a 31/12/2025)	PATRIMONIO DOCUMENTAL E BIBLIOGRÁFICO	25/332.3322.221.03	643,68 €
	CENTRO PRINCIPE FELIPE	25/232.2312.221.03	35.206,40 €
	COMUNICACIÓN INSTITUCIONAL	25/924.9240.221.03	1.250,25 €
	COOPERACION	25/942.4330.221.03	5.364,00 €
	E.F. AREEIRO	25/413.4123.221.03	5.419,10 €
	FINCA MOURISCADÉ	25/410.4120.221.03	4.669,60 €
	INFRAESTRUCTURAS E VÍAS PROVINCIAIS	25/456.4530.221.03	178.778,00 €
	MEDIO AMBIENTE	25/410.4100.221.03	9.183,30 €
	NN'TT	25/926.9260.221.03	607,92 €
	ORAL	25/932.9320.221.03	1.341,00 €
	PARQUE MÓBIL	25/920.9200.221.03	102.980,00 €
	SAIM	25/923.1623.221.03	16.850,00 €
	XUVENTUDE E RETO DEMOGRÁFICO	25/233.3370.221.03	4.906,90 €
	MUSEO DE PONTEVEDRA	25/333.3330.221.03	1.792,16 €



O gasto do ano 2025 quedará condicionado á aprobación do seu orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias

3.- Nomear como responsable do contrato aos xefe dos centros xestores.

17.34432.- RENUNCIA DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SAN MIGUEL DE VILADESUSO (OIA), Á CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE ACCIÓN COMUNITARIA PARA O ANO 2024 (PLAN PROVINCIA COMUNITARIA 2024). (Expte.2024014454)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de data 18/11/2024 con CSV BCD3GUK1RFJCW5EP e no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación de data 18/11/2024 con CSV BCD3GUK1RFJCW5EP, e a dilixencia de conformidade á renuncia da intervención provincial de data 19/11/2024 con CSV 0LS3W4DMC7Y0ON0Y, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia da “Asociación de Vecinos San Miguel de Viladesuso-Oia (G36472025)” á subvención concedida de 9.904,32 € ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Plan Provincia Comunitaria 2024).

A aprobación da renuncia suporá para a asociación a imposibilidade de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 9.904,32 € euros previamente comprometido na aplicación 2024/942.4590.789.07.

18.34433.- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS CRISTO DE LA VICTORIA (VIGO), CONTRA O ACORDO DENEGANDO UNHA SUBVENCIÓN DO PROGRAMA DE ACCIÓN COMUNITARIA PARA O ANO 2024 (PLAN PROVINCIA COMUNITARIA 2024) (Expte.2024014772)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de cooperación que literalmente se transcribe:

#### “ANTECEDENTES

*Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 11 de decembro de 2023, aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Plan Provincia Comunitaria 2024)”, publicadas no BOPPO núm. 243, do 20 de decembro de 2023, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.*



*Segundo.- Unha vez recibidas e examinadas todas as solicitudes, a Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 31 de outubro de 2024, adoptou o acordo número 3.34326 de concesión de subvencións da convocatoria do programa de “axudas a asociacións de veciños, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños e asociacións de mulleres rurais da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Plan Provincia Comunitaria 2024)”, concedéndose as subvencións a todas as entidades que cumpren os requisitos, e declarándose expresamente as solicitudes excluídas e a súa motivación.*

*Terceiro.- En dito acordo, determínase que a solicitude correspondente á Asociación de vecinos Cristo de la Victoria (CIF G36622793), con número de expediente 2024014772, se declara expresamente excluída polo motivo “Non reúne a documentación esixida na convocatoria e tampouco se aporta posteriormente no prazo da emenda operando isto como unha causa de exclusión (base 10ª). Non contestan ao requirimento de documentación en relación ao orzamento que non é conforme ás bases.”.*

*Na data 6/11/2024 practícase desde o Servizo de Cooperación a notificación do citado acordo, constando á súa aceptación pola entidade local o día 7/11/2024 (CSV: DEHU-75b1-83ec-1e48-8293-1909-f61e-2755-1bfa).*

*Cuarto.- Na data 14/11/2024, mediante escrito presentado no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2024070627) a Asociación de vecinos Cristo de la Victoria interpón un recurso de reposición contra o citado acordo ao non estar conforme coa súa exclusión en base aos seguintes motivos que se transcriben de xeito extractado (documento con CSV: ED1NTNBTTVGTB0QX):*

- Resposta ó requirimento adicional: Tras recibir o requirimento no que se solicitaba a ampliación de información, procedemos, de maneira puntual e dentro do prazo establecido, a enviar a documentación requirida, tal e como nos indicou. Consideramos, por tanto, que a nosa resposta ao requirimento foi completa e dentro de prazo, cumprindo cos trámites esixidos pola normativa aplicable.*
- Xustificación dos prezos unitarios: No que respecta ós prezos unitarios empregados no noso proxecto, queremos indicar que os prezos cos que traballamos foron establecidos en base a estudos realizados por profesionais do sector, posto que certos materiais e traballos especificados non figuran na lista de prezos do SEAGA. Co obxectivo de manter a calidade e de axustar os prezos á realidade do mercado, seguimos os prezos unitarios recomendados por profesionais con experiencia e recoñecemento no sector, considerando que reflicten fielmente os custos actuais.*
- Axuste ós criterios técnicos: Entendemos que a lista de prezos do SEAGA é unha referencia, pero non contempla todas as variantes nin detalles específicos que algúns proxectos requiren. O noso axuste a prezos unitarios de mercado responde a criterios técnicos, co propósito de garantir tanto a viabilidade económica como a eficacia no desenvolvemento da intervención.*

*A entidade peticionaria solicita que se revise o acordo impugnado, tendo en conta a xustificación dos prezos baseada en estudos e criterios profesionais, e se considere que responden ós requirimentos de ampliación en prazo e forma, e se estime a solicitude presentada, por tanto, que se lle conceda a subvención correspondente.*

*Quinto.- En consecuencia, sométese a estudo o expediente, examinándose ás alegacións efectuadas, e procédese á emisión deste informe para a resolución do recurso de reposición interposto.*



## RAZOAMENTOS XURÍDICOS

*PRIMEIRO.- O artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), establece que “o prazo para a interposición do recurso de reposición será dun mes, se o acto fóra expreso. Transcorrido o dito prazo, unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, no seu caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.*

*Se o acto non fóra expreso, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpoñer recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto”.*

*No presente caso, e dado que se trata dun acto expreso que poñe fin á vía administrativa, si cabe a posibilidade de presentar recurso de reposición, o cal se presenta en prazo, xa que a aceptación da notificación se produce en data 7/11/2024 e o recurso se presentou en data 14/11/2024.*

*SEGUNDO.- O artigo 112 da LPACAP esixe que o recurso se fundamente en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 do referido texto normativo.*

*A Asociación de vecinos Cristo de la Victoria invoca a vulneración da Base Primeira e Décima do Programa de acción comunitaria para o ano 2024 (Plan Provincia Comunitaria 2024), no relativo ao cumprimento dos requisitos de subvencionabilidade, polo que de acordo cos artigos 24.3.b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e 21.3.c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, estímase que este motivo é subsumible dentro do concepto de infracción do procedemento sinalado como un suposto de posible anulabilidade recollido no artigo 48.1 da LPACAP, resultando pertinente admitir a trámite o recurso interposto, sen prexuízo da súa consideración e estudo segundo o disposto nos apartados seguintes.*

*TERCEIRO.- A Base Primeira, apartado 3, do Programa de acción comunitaria para o ano 2024 (Plan Provincia Comunitaria 2024) sinala que:*

*“O importe subvencionable non poderá ser superior ao valor de mercado. Para estes efectos, os importes máximos subvencionables das operacións establecidas calcularanse tomando como referencia as tarifas vixentes ao momento da solicitude para o Seaga.*

*A este respecto, as unidades de obra manterán todos os elementos unitarios que as conforman nas tarifas Seaga (man de obra, materiais, maquinaria, medios auxiliares, etc.), tendo en conta que:*

- *Non se poden modificar as cantidades necesarias nin os rendementos dos elementos que compoñen a unidade de obra*
- *Soamente se poderán modificar os prezos dos elementos unitarios referidos anteriormente, sempre e cando o prezo da unidade de obra non supere ao das citadas Tarifas*

*De non ser así, todas as unidades de obra que non respecten o establecido nos parágrafos anteriores serán consideradas como non subvencionables.*



*En ningún caso o importe unitario máximo subvencionable poderá ser superior ao valor dos prezos unitarios máximos indicados no punto anterior, nin se admitirán gastos que non garden unha relación directa coa actividade subvencionable. No caso de non atoparse referencias para unidades concretas, terase en conta o valor de mercado que comprobarán os servizos técnicos provinciais.”*

*A este respecto o orzamento da barandilla e do pasamáns non presentan a desagregación necesaria para poder avaliar o axuste a mercado. A unidade de barandilla non desagrega materiais e man de obra incluíndoos nun solo concepto e valorándoos conxuntamente. Do mesmo modo non é posible avaliar a cantidade de material total xa que non se define a altura dos pés dereitos nin o espazado entre eles. Na recolocación do pasamáns de ferro tampouco se desagrega o material e a man de obra, e non é posible referenciar este traballo a tarifas obxectivas.*

*Ademais, no orzamento de carpintería tampouco vén desagregado o material e a man de obra sendo moitas partidas de subministro e colocación valorándose xuntamente. Por outro lado apórtanse as medidas exteriores dos mobles pero o nivel de medicións é insuficiente para valorar a cantidade e tipo de material necesario, por exemplo o número e tamaño dos estantes interiores ou o grosor dos taboleiros. Non se pode, por tanto, comparalos cos prezos de mercado.*

*En relación ao orzamento de electricidade non ten o nivel de desagregación necesario. As partidas inclúen instalación e subministro, é dicir, man de obra e materiais. Dentro das partidas inclúense varios materiais, algúns deles existentes nas tarifas de referencia, pero ao non vir separados non é posible comparalos.*

*Por último, o orzamento de equipos informáticos ten unha partida de servizo de atención técnica, man de obra, que non ten medición ou referencia a tarifas.*

*En suma, os orzamentos preséntanse de forma incompleta, sen expresar un nivel de desagregamento adecuado nin os prezos unitarios nin a medición, incluso tamén os presentados tras o requirimento realizado para que os emenden. Esta circunstancia supón que non se pode comprobar a súa adecuación ó mercado e por tanto non poden admitirse como válidos aos efectos do procedemento desta subvención.*

*Así o establece tamén a Base Décima, que dispón a obriga de presentar un orzamento desagregado, no que se definan con claridade os distintos elementos, coas súas características técnicas precisas, con expresión dos prezos unitarios de cada elemento, o número de unidades, e co IVE desagregado que sexa de aplicación, facendo mención, cando elo sexa posible ás tarifas de referencia.*

*Cabe sinalar que no requirimento efectuado se lles solicitaron expresamente:*

*“ACHEGAR PRESUPOSTO DE OBRAS DESAGREGADO E ADAPTAR AS UNIDADES COMO MÁXIMO AOS PREZOS UNITARIOS CORRESPONDENTES DA TARIFA DE REFERENCIA (MAN DE OBRA, MATERIAIS, MAQUINARIA, MEDIOS AUXILIARES, ETC.). INCLUIR MEDICIÓN QUE PERMITAN VALORAR A ACTUACIÓN. NO CASO DE NON ATOPARSE REFERENCIAS PARA UNIDADES CONCRETAS, XUSTIFICARASE TENDO EN CONTA O VALOR DE MERCADO DEFININDO AS SÚAS CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS.”*



*Non obstante, a pesar de contestar ó requirimento, a documentación presentada segue a incumprir o disposto nas Bases reguladoras.*

*Por tanto, de acordo coa Base Décima, non se dá cumprimento á obriga de presentar un orzamento desagregado, no que se definan con claridade os distintos elementos, coas súas características técnicas precisas. E ademais, de conformidade co disposto na Base Primeira, todas as unidades de obra que non respecten o establecido serán consideradas como non subvencionables e por tanto deben eliminarse do orzamento subvencionable, resultando así que as partidas correctas non alcanzarían o importe mínimo para considerar o investimento subvencionable, ó pasar a estar por debaixo do importe mínimo esixido.*

*En consecuencia, a exclusión estímase que é adecuada.*

*CUARTO.- De acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, a competencia para resolver o recurso presentado é a Xunta de Goberno da Deputación, o mesmo órgano que ditou o acordo impugnado.*

*QUINTO.- De acordo co artigo 124.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso será dun mes. Non obstante, de conformidade cos artigos 24 e 25 da LPACAP, o sentido do silencio será desestimatorio, sen prexuízo da obriga legal de resolver.*

## CONCLUSIÓN

*Á vista dos antecedentes e dos razoamentos xurídicos expostos infórmase en sentido desfavorable a estimación do recurso de reposición interposto.*

*Pontevedra, na data da sinatura electrónica*

*A xefa do Servizo de Cooperación*

*Marina Piñeiro Novo”.*

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación do día 18/11/2024, e a dilixencia de conformidade da intervención provincial de data 20/11/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Desestimar o recurso de reposición interposto en data 14/11/2024 (núm. rexistro WEB2024070627) pola *Asociación de vecinos Cristo de la Victoria* (CIF G36622793).
2. Dar traslado do presente acordo aos interesados, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.





19.34434.- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLA ASOCIACIÓN VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA O CARBALLO DE SÁRDOMA (VIGO), CONTRA O ACORDO DENEGANDO UNHA SUBVENCIÓN DO PROGRAMA DE ACCIÓN COMUNITARIA PARA O ANO 2024 (PLAN PROVINCIA COMUNITARIA 2024). (Expte.2024014541)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de cooperación que literalmente se transcribe:

“ANTECEDENTES

*Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 11 de decembro de 2023, aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Plan Provincia Comunitaria 2024)”, publicadas no BOPPO núm. 243, do 20 de decembro de 2023, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.*

*Segundo.- Unha vez recibidas e examinadas todas as solicitudes, a Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 31 de outubro de 2024, adoptou o acordo número 3.34326 de concesión de subvencións da convocatoria do programa de “axudas a asociacións de veciños, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños e asociacións de mulleres rurais da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Plan Provincia Comunitaria 2024)”, concedéndose as subvencións a todas as entidades que cumpren os requisitos, e declarándose expresamente as solicitudes excluídas e a súa motivación.*

*Terceiro.- En dito acordo, determínase que a solicitude correspondente á Asociación veciñal, cultural e deportiva o Carballo de Sárdoma (CIF G36649325), con número de expediente 2024014541, se declara expresamente excluída polo motivo “non reúne a documentación esixida na convocatoria e tampouco se aporta posteriormente no prazo da emenda operando isto como unha causa de exclusión (base 10ª). Non contestan ao requirimento de documentación en relación ao orzamento que non é conforme ás bases.”.*

*Na data 6/11/2024 practícase desde o Servizo de Cooperación a notificación do citado acordo, constando á súa aceptación pola entidade o mesmo día 6/11/2024 (CSV: DEHU-c2fc-80a0-9b51-8205-7c55-d535-a7a8-fc25).*

*Cuarto.- Na data 7/11/2024, mediante escrito presentado no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2024067962) a Asociación veciñal, cultural e deportiva o Carballo de Sárdoma interpón un recurso de reposición contra o citado acordo ao non estar conforme coa súa exclusión en base aos seguintes motivos que se transcriben de xeito extractado (documento con CSV: VU9W798DBLTE0QNV):*

- *A documentación solicitada no recurso do 14/06/2024, foi contestada e enviada por rexistro o 27/06/2024 ás 19.02 con número de rexistro WEB2024042980*

*O petionario solicita que se revise o acordo impugnado no sentido de estimar a solicitude presentada e, por tanto, que se lle conceda a subvención correspondente.*



*Quinto.- En consecuencia, sométese a estudo o expediente, examinándose ás alegacións efectuadas, e procédese á emisión deste informe para a resolución do recurso de reposición interposto.*

## RAZOAMENTOS XURÍDICOS

*PRIMEIRO.- O artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), establece que “o prazo para a interposición do recurso de reposición será dun mes, se o acto fóra expreso. Transcorrido o dito prazo, unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, no seu caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.*

*Se o acto non fóra expreso, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpoñer recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto”.*

*No presente caso, e dado que se trata dun acto expreso que poñe fin á vía administrativa, si cabe a posibilidade de presentar recurso de reposición, o cal se presenta en prazo, xa que a aceptación da notificación se produce en data 6/11/2024 e o recurso se presentou en data 7/11/2024.*

*SEGUNDO.- O artigo 112 da LPACAP esixe que o recurso se fundamente en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 do referido texto normativo.*

*A Asociación veciñal, cultural e deportiva o Carballo de Sárdoma invoca a vulneración da Base Primeira e Décima do Programa de acción comunitaria para o ano 2024 (Plan Provincia Comunitaria 2024), no relativo ao cumprimento dos requisitos de subvencionabilidade, polo que de acordo cos artigos 24.3.b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e 21.3.c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, estímase que este motivo é subsumible dentro do concepto de infracción do procedemento sinalado como un suposto de posible anulabilidade recollido no artigo 48.1 da LPACAP, resultando pertinente admitir a trámite o recurso interposto, sen prexuízo da súa consideración e estudo segundo o disposto nos apartados seguintes.*

*TERCEIRO.- A Base Primeira, apartado 3, do Programa de acción comunitaria para o ano 2024 (Plan Provincia Comunitaria 2024) sinala que:*

*“O importe subvencionable non poderá ser superior ao valor de mercado. Para estes efectos, os importes máximos subvencionables das operacións establecidas calcularanse tomando como referencia as tarifas vixentes ao momento da solicitude para o Seaga.*

*A este respecto, as unidades de obra manterán todos os elementos unitarios que as conforman nas tarifas Seaga (man de obra, materiais, maquinaria, medios auxiliares, etc.), tendo en conta que:*

- Non se poden modificar as cantidades necesarias nin os rendementos dos elementos que compoñen a unidade de obra*
- Soamente se poderán modificar os prezos dos elementos unitarios referidos anteriormente, sempre e cando o prezo da unidade de obra non supere ao das citadas Tarifas*



*De non ser así, todas as unidades de obra que non respecten o establecido nos parágrafos anteriores serán consideradas como non subvencionables.*

*En ningún caso o importe unitario máximo subvencionable poderá ser superior ao valor dos prezos unitarios máximos indicados no punto anterior, nin se admitirán gastos que non garden unha relación directa coa actividade subvencionable. No caso de non atoparse referencias para unidades concretas, terase en conta o valor de mercado que comprobarán os servizos técnicos provinciais.”*

*A este respecto, os orzamentos das guarnicións e da reparación e pintura do enreixado das fiestras preséntanse de forma incompleta, sen expresar un nivel de desagregamento adecuado nin os prezos unitarios, incluso tamén os presentados tras o requirimento realizado para que os emenden. Esta circunstancia supón que non se pode comprobar a súa adecuación ó mercado e por tanto non poden admitirse como válidos aos efectos do procedemento desta subvención.*

*Así o establece tamén a Base Décima, que dispón a obriga de presentar un orzamento desagregado, no que se definan con claridade os distintos elementos, coas súas características técnicas precisas, con expresión dos prezos unitarios de cada elemento, o número de unidades, e co IVE desagregado que sexa de aplicación, facendo mención, cando elo sexa posible ás tarifas de referencia.*

*Cabe sinalar que no requirimento efectuado se lles solicitou expresamente:*

*“ACHEGAR PRESUPOSTO DE OBRAS DESAGREGADO E ADAPTAR AS UNIDADES COMO MÁXIMO AOS PREZOS UNITARIOS CORRESPONDENTES DA TARIFA DE REFERENCIA (MAN DE OBRA, MATERIAIS, MAQUINARIA, MEDIOS AUXILIARES, ETC.). INCLUIR MEDICIÓN QUE PERMITAN VALORAR A ACTUACIÓN. NO CASO DE NON ATOPARSE REFERENCIAS PARA UNIDADES CONCRETAS, XUSTIFICARASE TENDO EN CONTA O VALOR DE MERCADO DEFININDO AS SÚAS CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS.”*

*Non obstante, a pesar de contestar ó requirimento, a documentación presentada segue a incumprir o disposto nas Bases reguladoras.*

*Por tanto, de acordo coa Base Décima, non se dá cumprimento á obriga de presentar un orzamento desagregado, no que se definan con claridade os distintos elementos, coas súas características técnicas precisas. E ademais, de conformidade co disposto na Base Primeira, todas as unidades de obra que non respecten o establecido serán consideradas como non subvencionables e por tanto deben eliminarse do orzamento subvencionable, resultando así que as partidas correctas non alcanzarían o importe mínimo para considerar o investimento subvencionable, ó pasar a estar por debaixo do importe mínimo esixido.*

*En consecuencia, a exclusión estímase que é adecuada.*

*CUARTO.- De acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, a competencia para resolver o recurso presentado é a Xunta de Goberno da Deputación, o mesmo órgano que ditou o acordo impugnado.*



QUINTO.- De acordo co artigo 124.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso será dun mes. Non obstante, de conformidade cos artigos 24 e 25 da LPACAP, o sentido do silencio será desestimatorio, sen prexuízo da obrigaición legal de resolver.

## CONCLUSIÓN

Á vista dos antecedentes e dos razoamentos xurídicos expostos infórmase en sentido desfavorable a estimación do recurso de reposición interposto.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica  
A xefa do Servizo de Cooperación  
Marina Piñeiro Novo”.

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación do día 14/11/2024, e a dilixencia de conformidade da intervención provincial de data 20/11/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Desestimar o recurso de reposición interposto en data 7/11/2024 (núm. rexistro WEB2024067962) pola *Asociación veciñal, cultural e deportiva o Carballo de Sárdoma* (CIF G36649325).
2. Dar traslado do presente acordo aos interesados, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

20.34435.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE OIA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-2202 BAIONA-LOUREZA, DENDE O P.Q.17+350 AO P.Q. 17+520. CONCELLO DE OIA” (Expte. 2024068570)

Antecedentes.

### 1. Proxecto.

A Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.



O servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, dentro dos seus obxectivos ten dar impulso a recuperación de espazos públicos, accesibilidade, mobilidade e seguridade viaria.

Por este motivo, lévanse a cabo obras coa intención de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas provinciais, co fin de facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial prioridade a protección dos colectivos con máis vulnerabilidade, peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida.

A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial EP-2202 Baiona-Loureira.

Nesta liña de traballo, a Deputación de Pontevedra decide promover o proxecto de “Mellora da mobilidade peonil na EP-2202 Baiona-Loureira, dende o P.Q.17+350 ao P.Q. 17+520. Concello de Oia”, no termo municipal de Oia.

As obras que comprende o presente proxecto están encamiñadas ó acondicionamento da estrada EP-2202 ó longo duns 180 metros, ao seu paso polo núcleo de Torroña, co fin de mellorar a funcionalidade da vía e a súa seguridade tanto para o tráfico rodado como peonil.

O orzamento total previsto das obra é o seguinte:

Presuposto base de licitación	136.748,52 €
IVE 21%	28.717,19 €
Presuposto base de licitación con IVE	165.465,71 €

## 2.- Aprobación municipal.

Consta no expediente certificado de acordo plenario, aprobando o convenio e a posta a disposición dos terreos de cesión CSV: AKNH9DKMARMJSH3PQ9CCK2MNT

## 3.- Informes de supervisión e autorizacións sectoriais.

Constan no expediente:

- Proxecto asinado CSV: Q7WG42NV0B4A5D1W
- Autorización da confederación hidrográfica do Miño-Sil CSV: GEN-2b19-13ef-f029-3db0-d703-f109-65d9-9a39
- Informe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais xustificativo das porcentaxes de financiamento das obras data 25/10/2024 co CSV:F6EB6Z3XJ7I0A0DO.
- Informe favorable de supervisión do proxecto data 25/10/2024 CSV:FWJU3RC7M4GINQHK.
- Informe de urxencia da expropiación data 25/10/2024 CSV: F8OEU3I4R4PYXPM6.
- Informe favorable de Secretaría Xeral data 07/11/2024 CSV: 6OF1HDPELZBC0ME0
- Informe favorable de Intervención data 22/11/2024 CSV: MEZGXR5TGAELDTTU



## Consideracións.

### 1ª Normativa aplicable.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Bases de execución do orzamento provincial.

### 2ª Cooperación entre as administracións públicas.

A cooperación entre administracións como principio reitor da actuación e das relacións das distintas administrativas recóllese no artigo 103.1 da Constitución. Así o tribunal Supremo (sentenza 9 de marzo de 2011, rec.3037/2008) ten sinalado que o marco competencial deseñado pola Constitución determina a coexistencia de títulos competenciais con incidencia nun mesmo espazo físico, polo que é imprescindible o desenvolvemento de técnicas de coordinación, colaboración e cooperación administrativa.

No 3.1.k) da LRJSP recóllese o principio de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas. No artigo 140.1 sinaláse que as diferentes administracións públicas actúan e relaciónanse con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes destas de acordo, entre outros principios, co sinalados na letra d):

*“Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e en exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos en aras dunha acción común”.*

De acordo cos art. 57 da LBRL e 198 e seguintes da LALGA, a cooperación pódese instrumentalizar por medio da subscripción de convenios definidos no art. 47 da LRXSP dando carta de natureza ao Ditame 878, de 30 de novembro de 2010, do Tribunal de Cuentas recomendando concretar o marco legal e tipoloxías dos convenios.

O artigo 111 do TRRL recolle o principio de liberdade de pactos e condicións sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración.

### 3ª Contido.

En relación ao contido mínimo esixido polo artigo 49 da LRXSP o convenio obxecto deste informe recolle:

- a) Suxeitos que asinan o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
- b) A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública.
- c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando a titularidade dos resultados obtidos.
- d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, indicando a súa distribución temporal por anualidades.
- e) Consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos.



- f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
- g) O réxime de modificación.
- h) Prazo de vixencia de acordo coas regras establecidas no mesmo artigo 49.
- i) Facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación da achega do Concello.

#### 4ª Financiamento.

As obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e Concello de Oia mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	132.372,57 €	80
Concello de Oia	33.093,14 €	20
Total obras	165.465,71 €	100

As expropiacións necesarias para a realización das mencionadas obras serán financiadas na súa integridade polo Concello de Oia:

Organismo	Achega	%
Concello de Oia	1.316,75 €	100
Total expropiacións	1.316,75 €	100

A Deputación financiará a súa achega con cargo á aplicación 24/456.4530.612.02 do vixente Orzamento Provincial do ano 2024.

A achega do Concello de Oia será de 34.409,89 € (20% do importe das obras máis o importe resultante das expropiacións), pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria, se realizará mediante compromiso de consignación no respectivo orzamento co medio de financiamento que se considere máis axeitado á situación financeira do Concello.

O importe da achega do Concello financiado con fondos propios deberáselle ingresar á Deputación no primeiro trimestre do exercicio correspondente.

De selo caso de que se financie a cargo da subvención do Plan +Provincia, xerarase crédito na aplicación orzamentaria que corresponda. O importe do financiamento con cargo a esta subvención está condicionado á aprobación do plan pola Deputación e por contía suficiente correspondente ao Concello de Oia.



Estas operacións deberán efectuarse, unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas, tendo en conta o disposto no artigo 116.5 da LCSP.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras, recuamento de servizos ou o control arqueolóxico da mesma, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

5ª Órgano competente para a aprobación.

Por aplicación do disposto no artigo 47.2.h) da LRBRL, os convenios que teñan por obxecto a transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións Públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras Administracións, salvo que por Lei se impongan obrigatoriamente, deben ser aprobados polo Pleno con quórum de maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Con respecto da transferencias de vías, o artigo 33 2 ñ) da LRBRL establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2 ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.

Polo que atinxe ao cambio de titularidade dos vías, na cláusula quinta. 5 da proposta de convenio recóllese exclusivamente que a aprobación do convenio por parte do Concello ten o carácter de solicitude de cambio de titularidade.

Atendendo ao obxecto do convenio e ao constante criterio con respecto á aprobación de propostas de convenios de colaboración Deputación/Concellos de contido análogo, logo dos informes favorables da Secretaría e da Intervención, ao non se tratar de transferencia de funcións ou de actividades, o órgano competente para a aprobación é a Xunta de Goberno.

O Convenio suscrito será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno – artigo 8.1.b)–, e Ordenanza de transparencia da Deputación publicada no BOPPO 18-03-2019 con indicación das partes asinantes, obxecto, duración e obrigas económicas.





Polo que respecta ao procedemento e sen prexuízo, e de selo o caso, da aprobación plenaria do cambio de titularidade de vías, atendese á Instrución para a tramitación de convenios aprobada por Resolución Presidencial 20223001273 de 14 de febreiro de 2023 e de acordo coa mesma informase favorablemente a aprobación do convenio toda vez que:

- 1) A Deputación é competente para subscribir o convenio dado que se trata dunha actuación nunha vía provincial e tamén se repoñen servizos municipais no ámbito da actuación.
- 2) O contido do convenio é acorde co disposto no artigo 49 da LRJSP.
- 3) O financiamento determinouse logo de informe dos Servizos Técnicos en aplicación do Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais aprobado polo Pleno da Deputación. Logo do informe da Intervención Xeral,

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Oia co seguinte contido:

*“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE OIA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 2202 BAIONA-LOUREZA, DENDE O P.Q. 17+350 AO P.Q. 17+520. CONCELLO DE OIA”.*

#### INTERVEÑEN

*Luis López Diéguez, na súa condición de presidente da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.*

*Cristina Correa Pombal, alcaldesa do Concello de Oia, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.*

*Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe da formalización.*

*Ambas partes recoñécense con capacidade para formalizar o presente convenio, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.*

#### MANIFESTAN

*I.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.*



II.- *Que a Deputación de Pontevedra, está concienciada sobre a necesidade de aumentar a seguranza viaria en toda a rede de estradas da provincial, facendo especial fincapé nos tramos que transcorren por espazos urbanos ou núcleos rurais dos distintos concellos, dando cumprimento a asistencia que debe prestar segundo disposto no artigo 36 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Por ese motivo, o organismo provincial quere levar a cabo intervencións neste senso no seu propio viario e está a facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial fincapé na protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida. O obxectivo é conformar un contorno viario seguro e tranquilo, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público. Quérese garantir que vías provinciais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguranza viaria.*

III.- *Que segundo dispoñen os artigos 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os municipios deberán prestar ós seus cidadáns, determinados servizos públicos en función da súa poboación.*

IV.- *Que o artigo 36 da Lei 7/1985 e os artigos 109 e 110 da Lei 5/1997 encomendan ás deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, a tal efecto, e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos mesmos, é polo que se instrumenta o presente convenio dirixido ó cumprimento das obrigacións impostas pola normativa vixente.*

V.- *A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 2202 Baiona-Loureira, que transcorre polos concello de Baiona e Oia e ten unha lonxitude de 24.145 metros. Esta categorizada como rede local no catálogo de estradas provinciais.*

VI.- *A E.P. 2202 é de dobre sentido de circulación e de sección variable. Ao longo da estrada atopamos unha estrada con sección de plataforma moi irregular, con beiravías de escasa entidade e sen beirarrúas, o que da lugar a situacións de risco e inseguridade para os usuarios.*

*Debido ó mencionado anteriormente, a Deputación de Pontevedra decide contratar a redacción do proxecto de "MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-2202 BAIONA-LOUREZA, DENDE O P.Q. 17+350 AO P.Q. 17+520. CONCELLO DE OIA " coa finalidade de dar resposta ás necesidades en materia de mobilidade.*

*O proxecto desenvólvese na súa integridade no Concello de Oia, sendo o obxecto principal a mellora das condicións de seguridade e mobilidade para os peóns, mediante a construción dun itinerario peonil entre o P.Q. 17+350 e o P.Q. 17+520 da citada estrada provincial ao seu paso pola parroquia de Torroña.*

*O proxecto contempla a creación dunha itinerario peonil de 170 metros de lonxitude mediante a construción dunha senda peonil de formigón coloreado de 2,50 metros de ancho pola marxe esquerda da estrada para o que será necesario executar muros de sostemento. Inclúe tamén a pavimentación da calzada no treito da actuación, a renovación da rede de drenaxe, a execución dun novo paso de peóns sobreelevado, o acondicionamento dunha zona verde, a renovación do alumado público, a colocación de mobiliario urbano, etc. Todo elo ten por obxecto acondicionar e mellorar as características da estrada en beneficio da seguridade viaria e da mobilidade peonil.*



VII.- *Con fundamento en canto queda exposto, e sendo patente a vontade de colaboración das entidades comparecentes, ámbalas dúas partes acordan a subscripción do presente convenio, consonte ás seguintes:*

### CLÁUSULAS

*Primeira.- Obxecto:*

*O obxecto do presente convenio é establecer as condicións que rexerán a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Oia para a execución do proxecto de “Mellora da mobilidade peonil na EP-2202 Baiona-Loureira, dende o P.Q. 17+350 ata o P.Q. 17+520. Concello de Oia”.*

*O proxecto contempla a creación dunha itinerario peonil de 170 metros de lonxitude mediante a construción dunha senda peonil de formigón coloreado de 2,50 metros de ancho pola marxe esquerda da estrada para o que será necesario executar muros de sostemento. Inclúe tamén a pavimentación da calzada no treito da actuación, a renovación da rede de drenaxe, a execución dun novo paso de peóns sobreelevado, o acondicionamento dunha zona verde, a renovación do alumeadado público, a colocación de mobiliario urbano, etc. Todo elo ten por obxecto acondicionar e mellorar as características da estrada en beneficio da seguridade viaria e da mobilidade peonil.*

*Segunda.- Importe do convenio:*

*O importe o que se refire a presente actuación ascende a cento trinta e seis mil setecentos corenta e oito euros con cincuenta e dous céntimos (136.748,52 €), máis vinte e oito mil setecentos dezasete euros con dezanove céntimos (28.717,19 €) en concepto de IVE, o que ascende a un orzamento total de cento sesenta e cinco mil catrocentos sesenta e cinco euros con setenta e un céntimos (165.465,71 €).*

*Terceira.- Financiamento:*

*As obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e Concello de Oia mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:*

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	132.372,57 €	80
Concello de Oia	33.093,14 €	20
TOTAL OBRAS	165.465,71 €	100

*As expropiacións necesarias para a realización das mencionadas obras serán financiadas na súa integridade polo Concello de Oia:*

Organismo	Achega	%
Concello de Oia	1.316,75 €	100
TOTAL EXPROPIACIÓNS	1.316,75 €	100

*A Deputación financiará a súa achega con cargo á aplicación 24/456.4530.612.02 do vixente Orzamento Provincial do ano 2024.*



*A achega do Concello de Oia será de 34.409,89 € (20% do importe das obras máis o importe resultante das expropiacións), pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria, se realizará mediante compromiso de consignación no respectivo orzamento co medio de financiamento que se considere máis axeitado á situación financeira do Concello.*

*O importe da achega do Concello financiado con fondos propios deberá selle ingresar á Deputación no primeiro trimestre do exercicio correspondente.*

*De selo caso de que se financie a cargo da subvención do Plan +Provincia, xerárase crédito na aplicación orzamentaria que corresponda. O importe do financiamento con cargo a esta subvención está condicionado á aprobación do plan pola Deputación e por contía suficiente correspondente ao Concello de Oia.*

*Estas operacións deberán efectuarse, unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas, tendo en conta o disposto no artigo 116.5 da LCSP.*

*De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.*

*Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras, recuamento de servizos ou o control arqueolóxico da mesma, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.*

*Cuarta.- Incidencias no desenvolvemento da obra:*

*Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras e se produza un incremento do custo por excesos de medición, revisión de prezos ou por causas imprevistas que obriguen a unha modificación do proxecto, será financiada de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira. No caso de producirse unha diminución, sempre que a achega do concello sexa con cargo a fondos propios, será devolta a cantidade sobrante.*

*Quinta.- Obrigas do Concello:*

*O Concello de Oia obrígase a:*

- 1) Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.*
- 2) Obter as cesións dos terreos necesarios ao borde da estrada para poder acometer as obras segundo as necesidades indicadas no proxecto. A obtención das cesións será condición indispensable antes da aprobación inicial do proxecto construtivo e polo tanto en ningún caso se poderá iniciar a licitación da obra sen as mesmas.*



- 3) *Levar a cabo a conservación e mantemento das zonas peonís obxecto de convenio, así coma doutros servizos de carácter municipal que se executen (alumeado público, xardinería, mobiliario urbano, etc.), logo da comunicación da Deputación de Pontevedra de finalización das obras.*
- 4) *Antes da sinatura do presente convenio, o Concello deberá achegar á Deputación de Pontevedra o compromiso do acordo adoptado polo órgano que legalmente teña atribuída a competencia conforme á lexislación propia do Réxime Local, á que fan referencia os apartados 2 e 3 desta cláusula.*
- 5) *Darlle a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que a remodelación da infraestrutura se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.*
- 6) *Abonar o importe das expropiacións derivadas do presente convenio, incluídos os posibles incrementos de custo que se produzan nas mesmas durante a tramitación do expediente expropiatorio.*

*Sexta.- Obrigas da Deputación Provincial de Pontevedra:*

- 1) *Correspóndelle a redacción do proxecto técnico para a execución das obras de “Mellora da mobilidade peonil na EP 2202 Baiona-Loureira, dende o P.Q. 17+350 ata o P.Q. 17+520. Concello de Oia”, así como a licitación, dirección, execución e recepción das obras.*
- 2) *A tramitación e xestión do expediente de expropiación para obter os terreos necesarios ao borde da estrada para poder acometer as obras segundo as necesidades indicadas no proxecto.*
- 3) *Unha vez producido o acto formal de recepción das obras pola Deputación de Pontevedra, esta porao en coñecemento do Concello, enténdéndose que tal comunicación determina o momento da obriga asumida polo Concello na cláusula quinta 3) precedente, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obras e para esixir o cal, a Deputación de Pontevedra, poderá adoptar todas as medidas que considere necesarias.*
- 4) *Correspóndelle a obriga de remitir a información sobre o presente convenio ao Consello de Contas en aplicación do establecido no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e da súa normativa de desenvolvemento.*

*Sétima.- Compensación de débedas:*

*O Concello de Oia faculta expresamente á Deputación para reter e compensar con cargo ás cantidades que lle poidan corresponder toda clase de débedas vencidas e pendentes de pago.*

*Oitava.- Comisión de seguimento e control:*

*Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio , así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de Seguimento da que forman parte o presidente, a alcaldesa ou persoas nas quen deleguen, o secretario xeral da Deputación de Pontevedra ou persoa na que delegue e un representante técnico de cada Administración.*

*As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:*

- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, proponendo as actuacións que se consideren precisas.*
- Proponer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do mesmo.*
- En caso de que xurdiran controversias na aplicación do convenio, proponer ás partes a resolución das mesmas.*



*Esta comisión reunirse dentro do prazo de tres días, a contar dende a petición expresa realizada por calquera das partes.*

*Novena.- Vixencia do convenio:*

*O presente convenio entrará en vigor na data da súa firma e terá vixencia ata o remate das obras obxecto do mesmo, en todo caso ata o 31 de decembro de 2026.*

*A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervenientes.*

*En calquera caso os efectos económicos do convenio entenderanse ata tres meses despois da liquidación do contrato da obra, unha vez rematado o período de garantía. Calquera incremento do custo neste período será financiado de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira do convenio.*

*Décima.- Resolución:*

*Serán causas de resolución o incumprimento das obrigas derivadas deste convenio de conformidade co disposto na normativa vixente.*

*Undécima.- Normativa aplicable.*

*O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas e:*

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local*
- Lei 5/97, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.*
- Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público*
- Bases reguladoras da execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2024.*
- E demais normativa de obrigado cumprimento*

*Asemade, as partes quedan sometidas á Xurisdición Contencioso-Administrativa, a falta de entendemento previo pola comisión citada na cláusula oitava, na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou interpretación do convenio.*

*E en proba de canto antecede, as dúas partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura dixital.*

*Pola Deputación Provincial de Pontevedra,  
Luis López Diéguez,*

*Polo Concello de Oia,  
Cristina Correa Pombal,*

*O secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra,  
Carlos Cuadrado Romay”*

*Segundo.- Facultar ao presidente para a formalización do convenio transcrito mediante a súa sinatura.*

*Terceiro.- O convenio será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno – artigo 8.1.b)–, e na Ordenanza de transparencia e acceso á información pública da Deputación de Pontevedra publicada no BOPPO de 18 de marzo de 2019.*



21.34436.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

22.34437.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

- A. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES CULTURAI, DE LECER E DE PROMOCIÓN DA CIDADE DE PONTEVEDRA (Expte. 2024072353)

#### ANTECEDENTES

- No exercicio das súas atribucións, e ao abeiro da normativa aplicable, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra desexan establecer as pautas de colaboración para o desenvolvemento de actividades culturais, de lecer e de promoción da cidade de Pontevedra.
- Para dar cumprimento ao obxectivo referido no parágrafo anterior, en data 08/11/2024 o Concello de Pontevedra presenta no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2024068581) unha solicitude e demais documentación necesaria para a formalización dun convenio de colaboración entre as dúas administracións para o desenvolvemento de diversas actividades en distintos ámbitos:
  - Actuacións para a promoción da actividade económica e do comercio local durante a campaña de Nadal.
  - Campaña de promoción do sector audiovisual: acto de presentación da serie documental Narcogallegos II (La tormenta perfecta).
  - Actividades culturais, divulgativas e de lecer do mes de decembro.
- O custo das actividades ascende segundo o orzamento a cento trinta e un mil seiscientos vinte e un euros con quince céntimos (131.621,15€), IVE engadido. A achega á que se obriga a Deputación Provincial de Pontevedra é do 100% do orzamento do convenio, contra a aplicación orzamentaria 2024/942.9420.462.14.
- Revisada polo Servizo de Cooperación a documentación achegada, esta cumpre os requisitos esixidos pola normativa aplicable para a sinatura do convenio.
- Na documentación do expediente, no xestor de CIVIDAS, consta a providencia de inicio de expediente de 12/11/2024 (CSV: S1P02Q35L2QPN4QU), o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 13/11/2024 (CSV: HDPR8DT1Y86A8Y1T) e o informe de Intervención de fiscalización favorable do expediente de 19/11/2024 (CSV: R0ZVILSGF4ZY2NV3).



Así mesmo, sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais de data 22/11/2024.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### Réxime xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 19/2013, de 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o exercicio vixente.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO núm. 249, do 30 de decembro de 2016 (OXS).

### Consideracións xurídicas:

#### Petición e evacuación de informe:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigo 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial vixente, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.





- Artigo 24 da LXS, que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

#### Procedencia do convenio

- Artigo 47 e ss. da LRXSP, que dispoñen que os convenios de colaboración constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.
- Artigo 57 da LRBRL, que dispón que a cooperación en servizos locais desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante convenios administrativos, en conexión co artigo 195.h) da LALGA.
- Artigo 198 da LALGA, que establece que as entidades locais poderán celebrar convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia. No seu apartado 2º dispónse que a través dos convenios de cooperación as partes poderán coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector e distribuír as subvencións outorgadas por unha delas; ademais, o apartado 3º sinala que, en especial, as Deputacións Provinciais poderán subscribir, cos municipios da provincia, convenios para garantir o acceso da poboación ao conxunto dos servizos municipais.
- Artigo 199 da LALGA, que, en consonancia co artigo 49 da LRXSP, sinala as especificacións que deberán conter os instrumentos de formalización dos convenios.
- Artigo 6 da LCSP, que exclúe do seu ámbito de aplicación os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as entidades xestoras e os servizos comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública delas dependentes e as entidades con personalidade xurídica privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador.
- Artigo 2 da LXS, polo que a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención. O artigo 22.2 da LXS sinala que se poderán conceder, con carácter excepcional, de forma directa subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.
- Artigo 28.1 da LXS, que establece que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta Lei.

#### Competencia das administracións

- Artigo 25.2.i), l) e m) da LRBRL que atribúe ás Administracións municipais competencia en materia de feiras e mercados, actividades, instalacións e promoción cultural e deportiva, así como de ocupación do lecer e o turismo. En concordancia co anterior, a LALGA, ao regular as competencias propias dos concellos, establece no seu art. 80.2.g) e n) que exercerán, entre outras, competencias en materia de feiras e mercados, actividades, instalacións e promoción cultural e deportiva, así como de ocupación do lecer e o turismo.



- Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica aos concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo as seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.
- Artigo 109 da LALGA, que atribúe ás deputacións competencias en xeral no fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, de xeito que cabe subsumir nas ditas materias, formas específicas de cooperación económica como a concesión de subvencións recollida no art. 114.c) da LALGA.

Competencia para resolver:

- Artigo 8.2 da OXS, que en virtude do establecido na base 16.2 das Bases de execución do orzamento provincial, e de conformidade co disposto nos artigos 35 da LRBRL e 10 da LXS, atribúe a competencia para resolver á Xunta de Goberno.

## CONCLUSIÓNS

En base ás precedentes consideracións e ao interese público que representa esta actuación para a cidade de Pontevedra, da veciñanza e resto de potenciais visitantes da cidade, a Deputación e o Concello de Pontevedra conveñen a súa colaboración neste ámbito, para desenvolver un réxime de colaboración entre ambas administracións locais para o desenvolvemento de diversas actividades culturais, de lecer e de promoción da cidade de Pontevedra.

Neste senso os convenios de colaboración constitúen o instrumento idóneo para canalizar esta colaboración. O Concello de Pontevedra presentou a documentación necesaria para formalizar este convenio e quedan acreditadas no expediente as razóns de oportunidade, a valoración económica das actuacións a desenvolver e o propio obxecto do convenio.

Por todo o exposto, e de conformidade cos antecedentes e fundamentos de dereito aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación do dito convenio de colaboración entre ambas administracións.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá. Á vista do anterior, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES CULTURAIS, DE LECER E DE PROMOCIÓN DA CIDADE DE PONTEVEDRA.

O texto do convenio figura co CSV: HCNX5M7YJH82NJ1F.



A sinatura do dito convenio condiciónase á aprobación previa deste polo órgano competente do Concello de Pontevedra.

- Facultar ó presidente para formalizar o citado convenio mediante a súa sinatura.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Pontevedra*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia e ao Gabinete de Prensa.

B. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA “SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE COBERTURA DA CUBERTA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO PISTA VERMELLA DO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DAS TRAVESAS DO CONCELLO DE VIGO” (Expte. 2024072349)

#### ANTECEDENTES

- No exercicio das súas atribucións, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo desexan establecer as pautas de colaboración para levar a cabo a execución da obra "Substitución do material de cobertura da cuberta do pavillón polideportivo "Pista Vermella" do complexo polideportivo das Travesas do Concello de Vigo".
- Para dar cumprimento ó obxectivo referido no parágrafo anterior, nas datas 08/11/2024 e 11/11/2024 o Concello de Vigo remite a Deputación (número de rexistro 2024020599 e 2024020729, respectivamente) a documentación necesaria para a formalización dun convenio de colaboración entre ambas administracións.
- A estimación económica da totalidade do investimento ascende á cantidade de douscentos oitenta e seis mil douscentos doce euros con trinta céntimos (286.212,30 €), e proponse que a achega da Deputación sexa de 225.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 2024/942.9420.762.14, e que a achega do Concello de Vigo sexa de 61.212,30 €, con cargo á anualidade 2025 do orzamento municipal. O orzamento da actuación detallase na seguinte táboa:

Orzamento base de licitación con IVE do proxecto	250.712,30 €
Estimación de custos asociados á condición establecida no artigo 242.4 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público	25.000,00 €
Estimación de custos asociados á obra: Dirección das obras e coordinación de seguridade e saúde, en total en torno do + - 6% do PEM do proxecto	10.500,00 €
TOTAL	286.212,30 €



- Revisada polo Servizo de Cooperación, a documentación achegada cumpre os requisitos esixidos pola normativa aplicable para a sinatura do convenio. Na documentación do expediente, no xestor de CIVIDAS, consta a providencia de inicio de expediente de 12/11/2024 (CSV: PJ76Y3IGQ9BYSJOU); o informe de supervisión do proxecto técnico emitido por persoal técnico do Servizo de Cooperación de 12//11/2024 (CSV: XNGC39TZZBL355W7); o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 12/11/2024 (CSV: G9SOCC1SH82ESSMG) e o informe de Intervención de fiscalización favorable do expediente de 14/11/2024 (CSV: J6AEJCBEU28N557A).
- En data 22/11/2024 sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Cooperación Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais levar a cabo a execución da obra "Substitución do material de cobertura da cuberta do pavillón polideportivo "Pista Vermella" do complexo polideportivo das Travesas do Concello de Vigo".

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Lexislación aplicable

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).

### Consideracións Xurídicas:

#### Competencia:

- Artigo 25.2.l) da LRBRL, atribúe ás Administracións municipais competencia sobre a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre. En concordancia co anterior, a LALGA, ao regular as competencias propias dos concellos, establece no seu art. 80.2.n) que exercerán, entre outras, competencias en materia de instalacións culturais e deportivas.



- Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica ós concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ó conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo ós seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.

#### Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para o vixente exercicio, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

#### Procedencia do convenio

- Artigo 47 e seguintes da LRXSP, que dispón que o convenios de colaboración constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.
- Artigo 57 da LRBRL que dispón que a cooperación en servizos locais desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante convenios administrativos, en conexión co artigo 195.h) da LALGA.
- Artigo 198 da LALGA, que establece que as entidades locais poderán celebrar convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia. No seu apartado 2º dispónse que a través dos convenios de cooperación as partes poderán coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector e distribuír as subvencións outorgadas por unha delas. No apartado 3º sinalase que, en especial, as Deputacións Provinciais poderán subscribir, cos municipios da provincia, convenios para garantir o acceso da poboación ó conxunto dos servizos municipais.
- Artigos 199 da LALGA, que en consonancia co artigo 49 da LRXSP sinala as especificacións que deberán conter os instrumentos de formalización dos convenios.



- Artigo 6 da LCSP, que exclúe do seu ámbito de aplicación os convenios de colaboración que celebre a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras e servizos locais, organismos autónomos e restantes entidades públicas, ou os que subscriban estes organismos e entidades entre si, salvo que, pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos a dita lei.
- Artigo 2 da LXS, polo que a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención. O artigo 22.2 da LXS sinala que se poderán conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das Entidades Locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións. Neste senso, a Deputación, para o desenvolvemento das actuacións que se describen no convenio, ten consignado expresamente no estado de gastos do orzamento provincial do exercicio 2024, dotación orzamentaria na aplicación 2024/942.9420.762.14 e designado como beneficiario ó concello.
- Artigo 28.1 da LXS que establece que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei.

## CONCLUSIÓNS

En base ás precedentes consideracións e ó interese público que representa esta actuación para a cidade de Vigo, da veciñanza e resto de potenciais visitantes da cidade, o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra conveñen a súa colaboración neste ámbito co obxecto de desenvolver un réxime de colaboración entre ambas administracións locais para levar a cabo a execución da obra “Substitución do material de cobertura da cuberta do pavillón polideportivo "Pista Vermella" do complexo polideportivo das Travesas do Concello de Vigo”.

Neste senso os convenios de colaboración constitúen o instrumento idóneo para canalizar esta colaboración. O Concello de Vigo presentou a documentación necesaria para formalizar este convenio e quedan acreditadas no expediente as razóns de oportunidade, a valoración económica das actuacións a desenvolver e o propio obxecto do convenio.

Por todo o exposto e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA "SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE COBERTURA DA CUBERTA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO "PISTA VERMELLA" DO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DAS TRAVESAS DO CONCELLO DE VIGO".



## RÉXIME COMPETENCIAL:

De conformidade co disposto no artigo 10.4 da LXS, que sinala que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle ós órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local, en virtude do establecido nos artigos 34 e 35 da LRBRL e na base 16ª.2 de Execución do Orzamento provincial, compételle á Xunta de Goberno a autorización e disposición do gasto, e aprobación do convenio.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá. Á vista do anterior, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA “SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE COBERTURA DA CUBERTA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO "PISTA VERMELLA" DO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DAS TRAVESAS DO CONCELLO DE VIGO”.

O texto do convenio figura co CSV: F6DWP0O4POFII2TI.

A sinatura do convenio queda condicionada á aprobación do texto do convenio polo órgano competente do Concello de Vigo.

- Facultar ao presidente para formalizar o citado convenio mediante a súa sinatura.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Vigo*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia e ao Gabinete de Prensa.

C. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA “RECONSTRUCCIÓN DO MURO DE CONTENCIÓN NO PARQUE NELSON MANDELA, NAVIA” (Expte. 2024072351)

## ANTECEDENTES

- No exercicio das súas atribucións, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo desexan establecer as pautas de colaboración para levar a cabo a execución da obra “*Reconstrucción do muro de contención no parque Nelson Mandela, Navia*”.



- Para dar cumprimento ó obxectivo referido no parágrafo anterior, en data 08/11/2024 e 12/11/2024 o Concello de Vigo remite a Deputación (número de rexistro 2024020595 e 2024020784, respectivamente) a documentación necesaria para a formalización dun convenio de colaboración entre ambas administracións.
- A estimación económica da totalidade do investimento ascende á cantidade de cincocentos trece mil douscentos setenta e dous mil euros con corenta e seis céntimos (513.272,46 €) e propónse que a achega da Deputación sexa de 412.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 2024/942.9420.762.14, e que a achega do Concello de Vigo sexa de 101.272,46 €, con cargo á anualidade 2025 do orzamento municipal. O orzamento da actuación detallase na seguinte táboa:

Orzamento base de licitación con IVE do proxecto	450.272,46 €
Estimación de custos asociados á condición establecida no artigo 242.4 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público	45.000,00 €
Estimación de custos asociados á obra: Dirección das obras e coordinación de seguridade e saúde, en total en torno do + - 6% do PEM do proxecto	18.000,00 €
TOTAL	513.272,46 €

- Revisada polo Servizo de Cooperación, a documentación achegada cumpre os requisitos esixidos pola normativa aplicable para a sinatura do convenio. Na documentación do expediente, no xestor de CIVIDAS, consta a providencia de inicio de expediente de 13/11/2024 (CSV: F4QIS6VIKOZ2HPF4); o informe de supervisión do proxecto técnico emitido por persoal técnico do Servizo de Cooperación de 13/11/2024 (CSV: SCD0XFMGAOTCXR0L); o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 13/11/2024 (CSV: 2S8HNSK9UTG1Z394) e o informe de Intervención de fiscalización favorable do expediente de 14/11/2024 (CSV: 43K7KHIHFB8N5O8D).
- En data 22/11/2024 sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Cooperación Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais levar a cabo a execución da obra “Reconstrución do muro de contención no parque Nelson Mandela, Navia”.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Lexislación aplicable

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas (LPACAP)





- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral)

Consideracións Xurídicas:

Competencia:

- Artigo 25.2.b) da LRBRL, atribúe ás Administracións municipais competencia sobre os parques e xardíns públicos. En concordancia co anterior, a LALGA, ao regular as competencias propias dos concellos, establece no seu art. 80.2.d) que exercerán, entre outras, competencias en materia de parques e xardíns.
- Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica ós concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ó conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo ós seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Bases 47<sup>a</sup> e 48<sup>a</sup> de execución do Orzamento provincial para o vixente exercicio, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.



#### Procedencia do convenio:

- Artigo 47 e seguintes da LRXSP, que dispón que o convenios de colaboración constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.
- Artigo 57 da LRBRL que dispón que a cooperación en servizos locais desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante convenios administrativos, en conexión co artigo 195.h) da LALGA.
- Artigo 198 da LALGA, que establece que as entidades locais poderán celebrar convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia. No seu apartado 2º dispónse que a través dos convenios de cooperación as partes poderán coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector e distribuír as subvencións outorgadas por unha delas. No apartado 3º sinalase que, en especial, as Deputacións Provinciais poderán subscribir, cos municipios da provincia, convenios para garantir o acceso da poboación ó conxunto dos servizos municipais.
- Artigos 199 da LALGA, que en consonancia co artigo 49 da LRXSP sinala as especificacións que deberán conter os instrumentos de formalización dos convenios.
- Artigo 6 da LCSP, que exclúe do seu ámbito de aplicación os convenios de colaboración que celebre a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras e servizos locais, organismos autónomos e restantes entidades públicas, ou os que subscriban estes organismos e entidades entre si, salvo que, pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos a dita lei.
- Artigo 2 da LXS, polo que a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención. O artigo 22.2 da LXS sinala que se poderán conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das Entidades Locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións. Neste senso, a Deputación, para o desenvolvemento das actuacións que se describen no convenio, ten consignado expresamente no estado de gastos do orzamento provincial do exercicio 2024, dotación orzamentaria na aplicación 2024/942.9420.762.14 e designado como beneficiario ó concello.
- Artigo 28.1 da LXS que establece que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei.

#### CONCLUSIÓNS

En base ás precedentes consideracións e ó interese público que representa esta actuación para a cidade de Vigo, da veciñanza e resto de potenciais visitantes da cidade, o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra conveñen a súa colaboración neste ámbito co obxecto de desenvolver un réxime de colaboración entre ambas administracións locais para levar a cabo a execución da obra “*Reconstrución do muro de contención no parque Nelson Mandela, Navia*”.

Neste senso os convenios de colaboración constitúen o instrumento idóneo para canalizar esta colaboración.



O Concello de Vigo presentou a documentación necesaria para formalizar este convenio e quedan acreditadas no expediente as razóns de oportunidade, a valoración económica das actuacións a desenvolver e o propio obxecto do convenio.

Por todo o exposto e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA "RECONSTRUCCIÓN DO MURO DE CONTENCIÓN NO PARQUE NELSON MANDELA, NAVIA".

#### RÉXIME COMPETENCIAL:

De conformidade co disposto no artigo 10.4 da LXS, que sinala que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle ós órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local, en virtude do establecido nos artigos 34 e 35 da LRBRL e na base 16ª.2 de Execución do Orzamento provincial, compételle á Xunta de Goberno a autorización e disposición do gasto, e aprobación do convenio.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá. Á vista do anterior, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA "RECONSTRUCCIÓN DO MURO DE CONTENCIÓN NO PARQUE NELSON MANDELA, NAVIA".

O texto do convenio figura co CSV: 2G2WWFECQT7LP44I

A sinatura do convenio queda condicionada á aprobación do texto do convenio polo órgano competente do Concello de Vigo.

- Facultar ao presidente para formalizar o citado convenio mediante a súa sinatura.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Vigo*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia e ao Gabinete de Prensa.



23.34438.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e vinte minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

